

# **MEMORIA ECONÓMICA 2020**

Informe de Auditoría de Contas Anuais da  
**CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON  
DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)** do exercicio  
pechado ao **31/12/2020**.

Emitido por **Auditora Galega de Contas, S.L.P.**  
Sociedade de Auditoría inscrita no R.O.A.C. co  
número S1920. Domiciliada na rúa A Rosa nº 6  
baixo. Santiago de Compostela.

**INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE**

Aos membros da Asemblea Xeral da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)**, por encargo da Xunta Directiva:

**Opinión**

Temos auditado as contas anuais da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)**, que comprenden o balance ao **31 de decembro de 2020**, a conta de resultados e a memoria correspondentes ao exercicio rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)** ao **31 de decembro de 2020**, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

**Fundamento da opinión**

Realizamos a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describense mais adiante na sección de Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe.

Somos independentes da Entidade de conformidade cos requisitos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría de contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade da auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servicios distintos ós da auditoría de contas nin concorren situacóns ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á nosa necesaria independencia de xeito que se teña visto comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.

**Aspectos más relevantes da auditoría**

Os aspectos más relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material más significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre esos riscos.



Descripción do risco	Reconocemento de ingresos por subvencions	Procedementos aplicados na nosa auditoría
<p>CO.GA.MI. é unha entidade sen fins lucrativos obtendo unha meirande parte dos seus ingresos a partires de subvencions e axudas públicas (ver nota 18 da memoria) que contribúen a que poida desenrola-las súas actividades. O rexistro das mesmas faise na data da súa concesión e cando se cumplen as condicións esixidas. Ademais o seu rexistro implica a previsión de que ditas condicións se cumplirán no futuro. Dado o elevado importe das subvencions e o grao de estimación aparellado, temos considerado a partida de ingresos por subvencions un aspecto máis relevante para a nosa auditoría.</p>	<p>Os nosos procedementos de auditoría incluíron, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A revisión dos procedementos e controis implantados para mitigar os riscos de erro ou fraude asociados ós procesos de rexistro dos ingresos obtidos por subvencions.</li> <li>• A comprobación de se a Entidade cumple coas condicións establecidas nas bases e resolucións das axudas públicas ou privadas recibidas.</li> <li>• A comprobación de se o rexistro contable dos ingresos por subvencions responde a criterios e estimacións axeitadas sobre o cumprimento futuro das condicións esixidas. Especialmente se revisou se a imputación do ingreso respecta o criterio de correlación de ingresos e gastos.</li> <li>• A revisión de se, a través de feitos posteriores á data de peche, se coñeceu información adicional que puidese modificar as estimacións feitas.</li> <li>• Obtido confirmacións de terceiros sobre os saldos rexistrados a 31 de decembro para unha mostra de debedores por axudas concedidas.</li> <li>• Comprobación de que a Entidade informa axeitadamente na memoria sobre as subvencions recibidas, imputadas e non imputadas.</li> </ul>	

#### Outra Información: Memoria de actividades.

A outra información comprende exclusivamente a memoria de actividades do ejercicio 2020, cuxa elaboración é responsabilidade da Xunta Directiva da Entidade e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre a memoria de actividades. A nosa responsabilidade sobre a memoria de actividades, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia da memoria de actividades coas contas anuais, a partires do coñecemento da Entidade obtido na realización das citadas contas e sen incluir información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. Do mesmo xeito, a nosa responsabilidade consiste en avaliar e informar de se o contido e presentación da memoria de actividades son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, con base no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén a memoria de actividades concorda coas contas anuais do ejercicio 2020, e o seu contido e presentación son conformes coa normativa que resulta de aplicación.

#### Responsabilidade da Xunta Directiva en relación coas contas anuais.

Os membros da Xunta Directiva son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.), de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á Entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os membros da Xunta Directiva son responsables da valoración da capacidade da Entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento excepto si a Xunta Directiva ten intención de liquidar a sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

#### **Responsabilidade do auditor en relación da auditoría de contas anuais.**

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razonable de que as contas no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razonable é un alto grado de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de xeito agregado, pode preverse razonablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España aplicamos o noso xuizo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para respostar a ditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da Entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son axeitadas e a razonabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada pola Xunta Directiva.
- Concluímos sobre se é axeitada a utilización, pola Xunta Directiva, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incertidume material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Entidade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incertidume material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son axeitadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes de un xeito que acadan expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos coa Xunta Directiva da Entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso de la auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación á Xunta Directiva da Entidade,

determinamos os que foron de maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados más significativos.

Describimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

AUDITORA GALEGA DE CONTAS, S.L.P. (ROAC nº: S1920)



AUDITORA GALEGA DE  
CONTAS, S.L.P.

2021 Núm. 04/21/00491

SELLO CORPORATIVO: 96,00 EUR

Informe de auditoría de cuentas sujeto  
a la normativa de auditoría de cuentas  
española o internacional



Francisco Servia Santos (ROAC nº: 8.812)

Santiago de Compostela, 7 de Maio de 2021.

**CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)**  
**BALANCE Ó PECHÉ DO EXERCICIO 2020**

ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2.020	2.019	A) PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2.020	2019
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>				<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>12.436.790,91</b>	<b>10.665.038,35</b>
I. Inmovilizado Intangible	7	11.761.044,40	11.795.395,76	A-1) Fondos propios	9.3	4.287.015,95	4.329.705,34
3. Patentes, licencias, marcas e similares		1.127.189,29	531.977,42	I. Dotación fundacional/Fondo Social		4.427.079,78	4.286.571,21
5. Aplicaciones informáticas		322,27	399,94	1. Fondo Social		4.427.079,78	4.286.571,21
6. Derechos sobre activos cedidos en uso		96.800,00	116,29	II. Reservas.		-167.840,50	-165.293,13
7. Outro inmovilizado intangible		1.013.916,85	463.174,71	2. Otras reservas		-157.840,50	-165.293,13
III. Inmovilizado Material	6	16.150,17	68.285,48	III. Excedentes de exercicios anteriores		68.458,08	67.918,69
1. Terrenos e construcciones		4.468.489,48	4.611.499,26	1. Remanente		68.458,08	67.918,69
2. Instalaciones técnicas, e outro inmovilizado material		3.963.954,26	4.145.700,18	IV. Excedentes do exercicio	3	-60.681,41	140.806,57
3. Inmovilizado en curso e anticipos		14.071,57		A-3) Subvenciones, doazóns e legados recibidos			
V. Inversiones en empresas e entidades do grupo e asociadas a Up	9.1	5.092.331,02	5.092.331,02	I. Subvenciones	16	8.149.774,96	8.335.333,01
1. Instrumentos de patrimonio - Deterioro valor instrumentos patrimonio		5.092.331,02	5.092.331,02	II. Doazóns e legados		5.217.851,20	4.803.409,25
2. Créditos a entidades - Deterioro valor créditos a entidades		0,00	14.850,73			2.931.923,76	153.1923,76
5. Otros créditos financieros		0,00	-14.850,73				
VI. Inversiones financieras a longo prazo	9.1	14.716,82	5.695,66				
2. Créditos a terceiros		9.021,16					
5. Outros activos financieros		5.695,66	5.695,66				
VII. Deudores non correntes a longo prazo	9.1	1.066.317,79	1.553.892,40				
1. Clientes debedores por subvenciones Up		1.066.317,79	1.553.892,40				
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>4.268.649,29</b>	<b>3.425.207,92</b>	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		<b>1.157.720,20</b>	<b>1.553.918,49</b>
II. Existencias	10	6.030,82	5.037,66	II. Débedas a longo prazo	9.2	<b>1.157.720,20</b>	<b>1.553.918,49</b>
1. Bens destinados á actividad		5.037,65	5.037,66	2. Débedas con entidades de crédito		0,00	
3. Productos en curso				5. Outros pasivos financieros		1.066.317,80	1.464.516,09
4. Productos terminados		993,17		6. Beneficiarios e acreedores		89.402,40	89.402,40
III. Usuarios e outros debedores da actividad propia	9.1	1.425.620,69	37.190,85				
IV. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		2.866.406,22	3.243.261,56				
1. Clientes debedores por subvenciones	9.1	2.054.711,72	2.714.170,51				
2. Deterioro do valor crédito da actividad	9.1	-30.327,00	-30.327,00				
3. Clientes empresas do grupo e asociadas	9.1	33.063,24	25.498,66				
4. Deterioro do valor crédito da actividad		-6.490,83	-17.644,43				
5. Debedores varios	9.1	581.653,25	540.277,20				
4. Personal		10.249,24	34,32				
5. Facenda Pública debedora por impostos	12	0,00	0,00				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas							
V. Inversiones en empresas e entidades do grupo e asociadas a Up	12	23.546,60	11.272,30				
2. Créditos a entidades	9.1	77.848,41	94.585,76				
5. Outros activos financieros	9.1	74.848,41	94.585,76				
VI. Inversiones financieras a curto prazo	9.1	4.529,03	94,84				
2. Créditos a curto prazo	9.1	0,00	0,00				
5. Outros activos financieros	9.1	4.529,03	94,84				
VII. Periodificacións a curto prazo		6.540,66	7.745,06				
VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		<b>81.673,26</b>	<b>37.272,40</b>				
1. Tesorería		<b>81.673,26</b>	<b>37.272,40</b>				
<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>		<b>16.029.683,69</b>	<b>15.220.603,68</b>	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>2.435.182,68</b>	<b>3.001.846,64</b>
				III. Débedas a curto prazo	9.2	<b>1.530.349,44</b>	<b>2.062.712,92</b>
				2. Débedas con entidades de crédito	9.2	488.387,68	573.955,94
				3. Acredores por arrendamento financeiro			
				5. Outros pasivos financieros	9.2; 19	1.041.961,76	1.508.756,98
				IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo		360.000,00	386.366,50
				V. Beneficiarios/Acredores	9.2	164.824,79	181.635,92
				VI. Acredores comerciais e outras contas a pagar		380.028,35	350.931,50
				1. Proveedores		29.930,24	6.893,71
				2. Proveedores, empresas do grupo e asociadas	9.2, 24	882,62	9.888,80
				3. Acredores varios	9.2	114.195,71	77.887,47
				4. Personal (remuneracións pías pago)	9.2	25.816,95	41.288,70
				5. Passivos por imposto corrente			
				6. Outras débedas coas Administracións Públicas	12	209.203,83	214.992,82
				7. Anticipos recibidos			
				VII. Periodificacións a curto prazo			
				<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)</b>		<b>16.029.683,69</b>	<b>15.220.603,68</b>

As notas que se achegan na memoria forman parte deste balonce



**CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE**  
**CONTA DE RESULTADOS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO REMATADO O**  
**31 DE DECEMBRO DE 2020**

	NOTA	(Debe)	Haber	(Debe)	Haber
		2020	2019	2020	2019
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>					
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		4.080.944,24		4.348.641,72	
a) Cotas de afiliados e asociados					
b) Aportacións de usuarios	9.1	270.895,34		548.675,89	
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	9.1	5.500,00		5.500,00	
d) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectas á actividade propia	9.1	3.741.654,14		3.689.679,01	
e) Donacións e legados imputados o excedente do exercicio		62.894,76		104.786,82	
f) Reintegro de axudas e asignacións		0,00		0,00	
2. Ventas e outros ingresos ordinarias da actividade mercantil		3.501.537,75		3.670.646,72	
3. Axudas monetarias e outros		-46.684,06		-27.193,00	
a) Axudas monetarias	13	-38.178,67		-4.408,75	
b) Axudas non monetarias		0,00		-9.228,00	
c) Gastos por colaboracións e de órgano de governo		-2.652,57		-10.219,87	
d) Reintegro de subvencións doazóns e legados		-4.852,82		-3.336,38	
4. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación		0,00		0,00	
5. Traballois realizados pola entidade para a actividade		0,00		0,00	
6. Aprovisionamentos	13	-635.262,81		-703.929,59	
7. Outros ingresos da actividade		67.404,08		22.283,52	
8. Gastos de persoal	13	-6.035.950,75		-6.080.476,54	
a) Sueldos, salarios e asimilados		-5.055.436,33		-4.995.894,79	
b) Cargas sociais		-980.514,42		-1.094.580,75	
9. Outros gastos da actividade		-929.527,04		-1.006.363,73	
a) Servizos exteriores	13	-896.413,93		-975.743,64	
b) Tributos		-11.858,45		-10.981,69	
c) Pérdidas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.		-21.254,30		-2.156,32	
d) Outros gastos en xestión corrente		-0,36		-17.502,08	
10. Amortización do inmovilizado	5-7	-468.389,98		-472.006,27	
11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio	18	438.228,54		433.073,49	
a) Afectas á actividade propia		438.228,54		433.073,49	
12. Exceso de provisións					
13. Deterioro e rdo enaxenac.inmobilizado		3.879,48		1.000,00	
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE</b>		-22.810,55		<b>175.677,32</b>	
14. Ingresos financeiros		76,46		11,89	
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		76,46		11,89	
b2) De terceiros					
15. Gastos financeiros		-25.788,02		-31.670,14	
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas		-6.327,06		-5.127,16	
b) Por débedas con terceiros		-19.460,96		-26.542,98	
16. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos	9.1	-2.159,30		-3.510,50	
a) Deterioro e perda		-2.159,30		-3.510,50	
b) Resultados por enaxenacións e outras					
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓN FINANCIERAS</b>		-27.870,86		-35.168,75	
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS</b>		-50.681,41		<b>140.508,57</b>	
19. Imposto sobre beneficios	12			0,00	
<b>A.4) VARIACION DO PATRIMONIO NETO RECONCIDIODO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>	3	-50.681,41		<b>140.508,57</b>	
<b>C) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O</b>					
1 Subvencións recibidas		2.253.209,88		183.659,30	
2 Doazóns e legados recibidos		62.894,76		104.786,82	
3 Outros ingresos e gastos					
4 Efecto impositivo					
<b>C.1) VARIACION DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO</b>		<b>2.316.104,64</b>		<b>288.446,12</b>	
<b>D) RECLASIFICACIONES O EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>					
1 Subvencións recibidas		-438.228,54		-433.073,49	
2 Doazóns e legados recibidos		-62.894,76		-104.786,82	
3 Outros ingresos e gastos					
4 Efecto impositivo					
<b>D.1) VARIACION DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIONES O EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>-501.123,30</b>		<b>-637.860,31</b>	
<b>E) VARIACION DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO</b>		<b>1.814.981,34</b>		<b>-249.414,19</b>	
<b>F) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS</b>					
<b>G) AXUSTES POR ERROS</b>		<b>7.452,63</b>		<b>-16.262,45</b>	
<b>H) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL</b>					
<b>I) OUTRAS VARIACIONS</b>				<b>108,37</b>	
<b>J) RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO</b>		<b>1.771.752,66</b>		<b>-125.049,70</b>	

As notas que se achegan na memoria fóman parte desta Conta de Resultados



CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE:  
MEMORIA NORMAL DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2020.

## ÍNDICE

- 1. Actividade da entidade.**
- 2. Bases de presentación das contas anuais.**
- 3. Aplicación de resultados.**
- 4. Normas de rexistro e valoración.**
- 5. Inmobiliizado material.**
- 6. Inversións inmobiliarias.**
- 7. Inmobiliizado intanxible.**
- 8. Alugueres e outras operacións de natureza similar.**
- 9. Instrumentos financeiros**
- 10. Existencias.**
- 11. Moeda estranxeira.**
- 12. Situación fiscal.**
- 13. Ingresos e gastos.**
- 14. Provisións e continxencias.**
- 15. Información sobre medioambiente.**
- 16. Retribucións a longo prazo ao persoal.**
- 17. Transaccións con pagos baseados en instrumentos de patrimonio.**
- 18. Subvencións, doazóns e legados.**
- 19. Fusión entre entidades non lucrativas e combinacións de negocios.**
- 20. Negocios convxuntos.**
- 21. Activos non correntes mantidos para a venta e operacións interrompidas.**
- 22. Feitos posteriores ao peche.**
- 23. Operacións con partes vinculadas.**
- 24. Outra información.**
- 25. Información segmentada.**
- 26. Información sobre a liquidación do presupuesto.**
- 27. Estado de Fluxos de Efectivo**
- 28. Inventario**



## 1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

### 1.1.- Natureza.

COGAMI foi constituída o vinte tres de abril de mil novecentos noventa, baixo a denominación de "Confederación de Federacións Provinciais de Minusválidos del País Galego", ao amparo do Regulamento do 20 de Maio de 1965 e actualmente da Lei de Asociacións do 24 de decembro de 1994.

A denominación actual, "CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE" (COGAMI), foi adoptada pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada con data do 9 de xuño de 2007, quedando inscrita con esta denominación no Rrexistro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 17 de setembro de 2007.

O seu domicilio social está localizado en Santiago de Compostela, Rúa Modesto Brocos, nº 7 terceiro bloque baixo.

COGAMI é unha entidade sen fin de lucro, declarada de utilidade pública o 15 de maio de 2004, ademais de ter recoñecida a condición de entidade de carácter social polo Ministerio de Economía e Facenda, e figurar inscrita nos rexistros correspondentes da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais como entidade prestadora de Servizos Sociais, no da Consellería de Familia como entidade prestadora de Servizos Sociais na área da muller, familia, infancia, menores e minorías étnicas e no rexistro da Consellería de Presidencia como axente de cooperación para o desenvolvemento.

### 1.2.- Actividade.

A actividade está relacionada co obxecto social da entidade, consistindo fundamentalmente na execución de accións en beneficio das persoas con discapacidade física, que se realizan por mediación da propia Confederación, e das Federacións e Asociacións que ostentan a condición de membro da Entidade, e son financiadas por subvencións ou aportacións do Estado e doutras entidades.

Outras actividades relacionadas cos fins sociais consisten na representación dos seus membros ante as Administracións Públicas e os diferentes Axentes Sociais para a defensa dos intereses xerais das persoas con discapacidade física. Así mesmo COGAMI promove a cooperación con organizacións similares de todo o mundo.

Así mesmo, COGAMI tamén presentou declaración de I.V.E. polos servizos prestados de subministro de persoal do servizo de intermediación laboral, servizos de formación a empresas, alugueres de vehículos, polos alugueres de aulas espazos, servizos de apoio na implementación de proxectos.

COGAMI participa directamente en sociedades mercantís, adicadas a diversos obxectos sociais, pero sempre co obxectivo de dar emprego a persoas con algún tipo de discapacidade. Neste senso COGAMI participa maioritariamente, entre outras, en GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL, S.L. que á súa vez é a entidade dominante dun grupo de sociedades segundo o expresado no artigo 42 do Código de Comercio. Non obstante COGAMI non consolida as súas contas anuais coas súas sociedades dependentes, atendendo ao *Real Decreto 1491/2011 do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins lucrativos*, que circunscribe dita obriga ás fundacións de competencia estatal. Así se deduce do punto IV da exposición de motivos e a Disposición adicional primeira do citado Real Decreto. Mediante a anterior regulación recóllese a obriga imposta ás Fundacións polo artigo 25.9 da súa reguladora *Lei 50/2002 do 26 de decembro, de fundacións de competencia estatal*. Polo tanto entendemos esta obriga só para o caso das fundacións estatais e non de maneira xeneralizada ás restantes entidades reguladas polo RD 1491/2011 antes referido. Damos información sobre as sociedades dependentes no punto desta memoria referido aos activos financeiros.

A moeda funcional coa que opera a entidade é o euro. Para formular os estados financeiros en € seguironse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4, Normas e rexistro de valoración.



## 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.

### 2.1. Imaxe fiel.

As contas anuais do exercicio 2020 foron elaboradas a partir dos rexistros contables da Confederación a 31 de decembro de 2020 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1491/2011, de 24 de Outubro polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación para as entidades sen fins lucrativos. Tamén se aplica a posterior Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, así como dos seus fluxos de efectivo. En todos aqueles aspectos non recollidos nesta disposición aplicaranse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable.

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosar a imaxe fiel non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

### 2.2. Principios contables.

Para a elaboración das contas do exercicio 2020 seguironse os principios contables xeralmente aceptados establecidos no Código de Comercio e no Plan Xeral de Contabilidade aprobado por Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, o RD 1491/2011, a Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas, e especialmente tivéreronse presentes as normas de valoración descritas na Nota 4. Non existe ningún principio contable obligatorio que, sendo significativo o seu efecto, se deixase de aplicar na elaboración das contas anuais que agora se formulan.

### 2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

A Confederación elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas usáronse estimacións realizadas pola dirección da entidade, referidos basicamente á vida útil dos inmobilizados materiais e intanxibles. No caso de que no futuro deban ser cambiadas estas estimacións por un meirande coñecemento, axustaríanse de maneira prospectiva os valores contables afectados.

### 2.4. Comparación da información.

Aos efectos da obliga establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio e aos efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito da comparabilidade, os estados contables preséntanse en bases comparativas e uniformes respecto do exercicio anterior.

### 2.5. Agrupación de partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias adxuntos.

### 2.6. Elementos recollidos en varias partidas.

Non existen elementos recollidos en varias partidas, salvo aquelas que esixan a súa clasificación contable polo seu vencemento a corto prazo e largo prazo, que se rexistran nos epígrafes de activos e pasivos correntes e non correntes.

### 2.7. Cambios en criterios contables.

Non existen axustes por cambios en criterios contables realizados no exercicio.

### 2.8. Corrección de errores.

O importe das correccións realizadas no exercicio 2020 por errores correspondentes a exercicios pasados ascenderon a -7.089,60 euros netos (-16.252,45 euros netos de 2019).

### 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS.

A proposta de distribución de resultados do ejercicio que finaliza o 31 de decembro de 2020, e a aplicación realizada efectivamente do resultado do ejercicio anterior detállase no seguinte cadro:

Concepto	Aplicado exercicio 2019	Proposta aplicación do resultado 2020
Excedente do exercicio	140.508,57	-50.681,41
	Aplicado exercicio	Proposta aplicación do resultado 2020
A Fondo social	140.508,57	
A excedente negativo exercicios anteriores		-50.681,41

A Xunta directiva de COGAMI considera que a proposta de aplicación do resultado do exercicio detallada será aprobada finalmente pola Asemblea Xeral de socios sen modificacións.

As contas anuais correspondentes ó exercicio 2019 foron aprobadas por unanimidade o 22 de maio de 2020.

Non existen limitacións para a aplicación dos excedentes de acordo coas disposición legais.

### 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Con carácter xeral, a Confederación aplicou os criterios e normas de valoración recollidos no Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, o R.D. 1491/2011 polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral Contable ás entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable.

#### 4.1. Inmobilizado intanxible.

Os custos incorridos nestas partidas valóranse polos importes satisfeitos para a súa adquisición ou para o dereito ao uso de programas informáticos. O prezo de adquisición incorpora o imposto sobre o valor engadido soportado nas adquisicións por non ser deducible para a Entidade. Asemade os dereitos de uso valoráronse segundo o valor razonable do dereito cedido en uso gratuitamente á Confederación, rexistrando como contraparte unha doazón valorada polo mesmo importe.

Prevese que o seu emprego abranguerá varios exercicios, e preséntanse ditos inmobilizados netos da súa correspondente amortización acumulada, calculada segundo o método lineal. As porcentaxes anuais de amortización son como seguen:

Elementos	Anos de vida útil estimada	Porcentaxe
Propiedade Industrial	10 anos	10,00%
Aplicacións Informáticas	10 anos	10,00%
Dereito sobre activos cedidos en uso(terreo Medelo)	30 anos	3,33%
Dereito sobre activos cedidos en uso(terreo Mos e Fingoi)	20 anos	5,00%
Dereito sobre activos cedidos en uso (terreo Santiago de Compostela)	25 anos	4,00%

Os gastos de mantemento das aplicacións informáticas impútanse directamente como gastos do exercicio no que se producen.

A entidade non ten activos non xeradores de fluxos de efectivo.

#### 4.2. Inmobilizado material.

Os bens comprendidos no inmobilizado material preséntanse valorados ao seu prezo de adquisición ou ó seu custo de producción, aos que, no seu caso, se incorpora o importe das inversións adicionais ou complementarias que se realicen, con igual criterio de valoración, sempre que representen un aumento da produtividade, capacidade ou eficiencia, ou un alargamento da vida útil dos bens. O prezo de adquisición incorpora o imposto sobre o valor engadido soportado nas adquisicións por non ser deducible para a Entidade.

Os gastos de conservación e mantemento incorridos durante o exercicio cárganse á conta de perdas e ganancias.

A Entidade amortiza o seu inmobilizado material seguindo o método lineal, distribuíndo o custo dos activos entre os anos de vida útil estimada, resultando unha porcentaxe de aplicación, segundo o seguinte detalle:

Elementos	Anos de vida útil estimada	Porcentaxe
Construcións	50-23 anos	2- 4,34%
Instalacións técnicas	10 anos	10,00%
Utilaxe	3-4 anos	30,00%
Mobiliario	10 anos	10,00%
Equipos para proceso de Información	4 anos	25,00%
Elementos de transporte	4 anos	25,00%
Otro inmobilizado	4-10 anos	25-10%

A Confederación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo, por iso non se contabilizaron nos activos os valores para a cobertura de tales obligas de futuro. A Xunta de Goberno da entidade considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable dos mesmos. Rexistraríase a perda de valor por deterioro dun elemento de inmobilizado material cando o seu valor neto contable supere o seu importe recuperable. Os custos de ampliación ou mellora que dean lugar a un alongamento da vida útil dos bens, incorpóranse como maior valor do activo. Durante o exercicio 2020 non se produciu esta circunstancia.

Non existen bens que pola súa natureza deban ser considerados non xeradores de fluxos de efectivo.

#### 4.3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico:

Os bens de Patrimonio Histórico aplicase a aqueles elementos recollidos na lei 16/1985, de 25 de Xuño, del Patrimonio Histórico Español. Son bens que a comunidade considera oportuno preservar por razóns de índole artística ou cultural, sendo un dos seus trazos característicos o feito de que non se poden substituir.

As normas de valoración aplicadas ó inmobilizado material aplicaranse ós Bens de Patrimonio Histórico.

A entidade non dispón de bens de este tipo.

#### 4.4. Inversións Inmobiliarias.

A entidade clasifica como inversions inmobiliarias aqueles activos non correntes que sexan inmobilés e que posúa para obter rendas, plusvalías ou ambas, en vez de para o seu uso na produción ou subministro de bens e servizos, ou ben para fins administrativos, ou a súa venta no curso ordinario das operacións.

A entidade non posuía nin posúe ningún elemento que podería ser cualificado como inversión inmobiliaria durante nin a finais do exercicio económico do que se formulan as presentes contas anuais.

#### 4.5. Alugueres.

Cando a Entidade actúa como arrendataria, suxeita a contratos de arrendamento cualificados como operativos, os gastos por arrendamento cárganse na conta de perdas e ganancias en función dos acordos e da vida do contrato atendendo sempre ao principio de pagamento.

Os activos adquiridos mediante arrendamento financeiro rexístranse de acordo coa súa natureza, polo menor entre o valor razonable do activo e o valor actual ao inicio do arrendamento dos pagos mínimos acordados, contabilizándose un pasivo financeiro polo mesmo importe. Os pagos polo arrendamento distribúense entre os gastos financeiros e a redución do pasivo. Aos activos aplicanselle os mesmos criterios de amortización, deterioro e baixa que ao resto de activos da súa natureza.

En aqueles inmobiliizados que a entidade arrendase a terceiros os ingresos derivados rexístranse na conta de perdas e ganancias cando se devenguen. Os custos directos imputables ao contrato inclúense como maior valor do activo arrendado, e recoñécense como gasto durante o prazo do contrato, aplicando o mesmo criterio utilizado para o recoñecemento dos ingresos do arrendamento.

#### 4.6. Permutas.

Nas permutas de carácter comercial valórarse o activo recibido polo valor razonable do entregado co límite do valor razonable do activo recibido. Nas de carácter non comercial o inmobiliizado recibido valórarse polo valor contable do ben entregado, co límite do valor razonable do recibido se este fose menor.

A Confederación non realizou permuta ningunha durante o exercicio económico do que se formulan contas.

Non existen activos non xeradores de fluxos de efectivo permutados no exercicio.

#### 4.7. Instrumentos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contraparte. Considéranse, por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

##### a) Activos financeiros:

A efecto da súa valoración posterior, os activos financeiros inclúense entre as categorías seguintes:

- *Préstamos e partidas a cobrar:* os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debeedores con vencemento non superior a un ano valóranse polo seu valor nominal. Ao peche do exercicio realizanse as correspondentes correccións valorativas precisas atendendo á cobrabilidade futura do saldo. Neste epígrafe, inclúense tamén os saldos pendentes de cobrar de subvencións outorgadas a COGAMI, independentemente de que as mesmas estean executadas ou ainda non executadas, en ámbolos dous casos recóllese a débeda pola subvención concedida que se estima cobrar sempre nun prazo inferior ao ano.
- *Activos mantidos ata o seu vencemento:* inclúe este epígrafe os valores representativos de débeda con data de vencemento fixada, cobros de contía determinada ou determinable, que se negocian nun mercado activo e sobre os que a Confederación manifesta a súa intención de conservar ata o seu vencemento. Estes activos valóranse a custo amortizado. Ao peche do exercicio realizanse as correccións valorativas por deterioro necesarias.
- *Activos financeiros mantidos para negociar:* inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razonable e no



seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

- *Inversións en Entidades do grupo e asociadas:* constituídas fundamentalmente por participacións no capital de certas sociedades. Valóranse inicialmente a custo (contraprestación entregada) más os custos da transacción, a fin de exercicio avalíase a recuperabilidade futura da inversión, deteriorando o valor da inversión en caso de que non sexa recuperable.
- *Fianzas:* corresponden ás cantidades pagadas aos propietarios dos locais arrendados, cuxo importe corresponde normalmente a un mes de arrendamento do local, están rexistradas polos importes entregados estimándose que o seu valor non difire substancialmente do seu valor razoable.
  - b) *Pasivos financeiros:*
  - *Débitos e partidas a pagar a entidades financeiras:* valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que equivale ao importe recibido deducidos os custos de transacción, e posteriormente polo seu custo amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias aplicando o método do tipo de interese efectivo.
  - *Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais e outras con vencemento non superior a un ano,* valóranse polo seu valor nominal.

#### 4.8. Existencias.

As existencias están valoradas a prezo de adquisición ou a custo de producción (segundo se trate de Outros aprovisionamentos ou de Produtos Rematados). O prezo de adquisición é o importe facturado polo proveedor, deducidos os descontos e os intereses incorporados ao nominal dos débitos más os gastos adicionais para que as existencias se atopen situadas para a súa venta: transportes, aranceis, seguros e outros atribuíbles á adquisición.

A entidade non dispón de existencias non xeradoras de fluxos de efectivo.

As entregas realizadas en cumprimento dos fins da entidade, contabilízaranse como un gasto polo valor contable dos bens entregados.

Se o valor de realización das existencias se considera inferior ao valor polo que figuran rexistradas procédese a realizar a correspondente corrección por deterioro.

#### 4.9. Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo.

Este epígrafe do balance de situación adxunto inclúe o efectivo na caixa, os depósitos á vista en entidades de crédito e outras inversiones a curto prazo de grande liquidez cun vencemento orixinal inferior ou igual a tres meses, e onde os custos derivados da cancelación anticipada do depósito son insignificantes en relación a contía do depósito.

#### 4.10. Transaccións en moeda estranxeira.

A entidade non realiza ningún tipo de transacción en moeda estranxeira.

#### 4.11. Imposto sobre beneficios.

O gasto por imposto corrente determinízase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido.

- O gasto por imposto corrente determinízase aplicando o gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.
- Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporais definidas como os importes que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan na diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporal o tipo de gravame ao que se espera recuperálos ou liquidalos. Non obstante, as bases imposibles negativas pendentes de compensación e os créditos por

deduccións fiscais non aplicadas fiscalmente non se contabilizan ata o momento que resultan efectivos. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravame ao que se espera recuperarlos ou liquidalos.

- Recoñécense activos por imposto diferido cando, atendendo ao principio de prudencia, resulte probable a súa aplicación futura por disponer de ganancias fiscais suficientes. En cada peche contable revisanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, de acordo cos resultados dos análisis realizados.

#### 4.12. Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de pagamento con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Os ingresos pola venta de bens ou servizos recoñécense polo valor razonable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ó nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Nembarantes, a entidade inclúe os intereses incorporados ós créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de interese contractual, dado que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os gastos contabilízanse polo principio de pagamento e prezo de adquisición, mentres que a contabilización das axudas outorgadas pola entidade (axudas monetarias a entidades) realizase no momento da aprobación das mesmas e polo importe concedido.

Os gastos de persoal rexístranse tamén atendendo ao principio de pagamento, incluíndo a periodificación de pagas extras cando fose necesario. Non existen compromisos por pensións a valorar.

As cotas de usuarios e outros ingresos contabilízanse no ano que corresponden independentemente do momento de cobro dos mesmos, efectuando as periodificacións cando sexa necesario.

Siad 24 Galicia	0,00	0,00	0,00	0,00
Galega de Economía Social S.L.	0,00	0,00	121,88	856,61
Federación Discafis	0,00	0,00	0,00	0,00
Asociación Amizade	0,00	1.127,10	0,00	0,00
Asociación Integro	120,00	0,00	0,00	1.148,57
Asociación Aixiña	0,00	419,66	0,00	9,99
Asociación A Mariña	0,00	0,00	0,00	0,00
Asociación Vontade	75,00	0,00	0,00	650,00
Asociación Amico (ver nota 9.1)	0,00	0,00	8.704,00	0,00
Federación Cogami Pontevedra	0,00	0,00	154,00	0,00
Asociación Acadar	4.665,99	0,00	0,00	4.151,13
Asociación Misela	154,00	617,00	0,00	0,00
Asociación Galega de Linfedema	50,00	0,00	22,00	0,00
Asociación Avante	428,00	0,00	0,00	0,00
Asociación Amarai	120,00	0,00	0,00	0,00
Asociación Adisbismur	582,00	0,00	0,00	0,00
Federación Cogami Lugo	10.000,00	0,00	0,00	0,00
Asociación Adapta	77,00	0,00	0,00	0,00
Asociación Agadhemco	77,00	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal clientes/proveedores empresas grupo e/ou vinculadas:</b>	<b>26.572,41</b>	<b>5.280,81</b>	<b>16.558,23</b>	<b>20.022,99</b>



No cadro anterior detállanse saldos acredores recollidos no balance no epígrafe de Acredores, que corresponden a saldos con entidades vinculadas.


O saldo debedor, do ano 2019, de Federación DISCAFIS por importe de 395,72€ , así como saldo acreedor da Asociación Amizade por importe de 265,20, non están incluídos no cadro anterior, porque figuran como outros debedores ou outros acredores varios nas partidas correspondentes do balance deste ano 2019.

O saldo de operación de compra de Inmobilizado con empresas do grupo é de 2.880,49 € con Galega de Economía Social, facéndose compras de Inmobilizado, a esta empresa, por importe de 8.968,69 euros .

A continuación indicamos os saldos de carácter financeiro recollidos en contas correntes con empresas do grupo e vinculadas:

CONCEPTO	2.020		2.019	
	Saldo Debedor	Saldo Acreedor	Saldo Debedor	Saldo Acreedor
Empresas grupo e asociadas				
Conta Corrente Accede Social	182,60	0,00	182,40	0,00
Conta Corrente con Combina	0,00	0,00	195,85	0,00
Conta Corrente con Rede Galega de Quioscos	49.413,13	0,00	47.253,83	0,00
Conta Corrente con ute Cogami Siad 24 Combina	4.629,27	0,00	4.607,51	4.578,99
<b>Subtotal contas correntes con empresas grupo e asociadas:</b>	<b>54.225,00</b>	<b>0,00</b>	<b>52.239,59</b>	<b>4.578,99</b>
Deterioro de valor de crédito a c/p Rede Galega Quioscos	-49.413,13	0,00	-47.253,83	0,00
<b>Total NETO contas correntes con empresas grupo e asociadas:</b>	<b>4.811,87</b>	<b>0,00</b>	<b>4.985,76</b>	<b>4.578,99</b>

CONCEPTO	2020		2019	
	Saldo Debedor	Saldo Acreedor	Saldo Debedor	Saldo Acreedor
Outras entidades vinculadas				
Conta corrente Asociación A Mariña	0,00	0,00	32.699,14	0,00
Conta corrente Cogami Lugo	10.000,00	0,00	0,00	0,00
Conta corrente Cogami Pontevedra	31.500,00	0,00	56.500,00	0,00
Conta corrente Asociación Arnico	0,00	0,00	2.600,00	0,00
Conta corrente con Asociación Galega de Linfedema	3.500,00	0,00	0,00	0,00
Conta corrente con Discafis	23.000,00	0,00	0,00	0,00
Conta corrente Asociación ACCU Ourense	0,00	0,00	2.500,00	0,00
Conta corrente con Asociación Misela	17.735,68	0,00	0,00	0,00
Conta corrente Asociación Grumico	10.000,00	0,00	28.000,00	0,00
Conta corrente con Asociación Alcer Coruña	10.000,00	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal contas correntes con empresas grupo e asociadas:</b>	<b>105.735,68</b>	<b>0,00</b>	<b>122.299,14</b>	<b>0,00</b>
Deterioro de Valor de Conta Corrente con Asociación A Mariña	-32.699,14	0,00	-32.699,14	0,00
<b>Total contas correntes con outras entidades vinculadas:</b>	<b>73.036,54</b>	<b>0,00</b>	<b>89.600,00</b>	<b>0,00</b>



Existen ademais outras débedas a curto prazo con vinculados por 360.000 euros (380.000 euros en 2019) correspondentes a préstamos recibidos de entidades vinculadas, a os que se retribúe con intereses de mercado, ao final de ano están devengados e pendentes de pagar 0,00 euros (1.787,51 euros no exercicio 2019).

A relación de Beneficiarios e Acredores vinculados é como segue:

Concepto	Nome	Saldo 31/12/2019	Saldo 31/12/2020
	Cogami Pontevedra	4.927,71	-130,78
	Asociación A Mariña	532,13	8.646,83
	Asociación Discafis	2.444,01	0,00
	Asociación Linfedema(AGL)	2.880,91	3.797,51
	Asociación Alcer Coruña	7.919,20	4.123,60
	Asociación ACCU Ourense	7.559,40	0,00
	Asociación Galega de Fibrose Quística(AGFQ)	9.833,67	1.681,44
	Asociación AOEDEM	5.562,61	0,00
	Asociación ACEM Santiago	3.192,32	3.110,00
	Asociación ACEM Coruña	4.762,77	3.100,00
	Asociación Misela	10.069,52	25.632,84
	Asociación Ámbar	40.604,21	6.958,24
	Asociación ASEARPO	980,00	0,00
	Asem Galicia	4.990,04	1.141,81
	Grumico	2.851,04	5.591,44
	Alcer Ourense	3.212,25	4.630,00
	Alcer Pontevedra	901,79	790,00
	Asociación Acadar	1.400,00	0,00
	Asociación Amizade	8.790,88	2.200,00
	Agadhemco	3.869,89	0,00
	Asociación Vontade	3.418,02	4.878,35
	Asociación Lirega	1.063,43	0,00
	Grupo Minusválidos de Ferrol	3.083,73	3.126,73
	Asociación AVEMPO	3.378,13	5.000,00
	Asociación ASOTRAME	4.972,38	4.600,28
	Asociación Adisbismur	9.595,42	7.969,05
	Asociación Integral	17.230,70	3.754,49
	Asociación Agora	3.228,46	20.052,39
	Asociación Amarai	3.612,72	21.379,81
	Asociación Avante	4.768,58	7.889,08
	Asociación AFFOU	0,00	3.600,00
	Asociación Alcer Lugo	0,00	8.000,00
	Asociación Conartrite	0,00	3.200,00
	<b>Total Beneficiarios e Acredores vinculados</b>	<b>181.635,92</b>	<b>164.723,11</b>

Beneficiarios e Acredores Vinculados

A entidade ten concedidos unha serie de avais a empresas do grupo, segundo o detalle que temos a continuación:

Concepto	Importe 2020	Límite
Aval a favor de Activa Social (aval da ETT)	332.645,00	226.000,00
Aval a favor de Combina Social, S.L.(por pólizas de crédito)	22.944,00	275.000,00
Aval a favor de Discabis Cogami	33.580,00	35.000,00
Aval a favor de Asociación Acadar Cogami	0,00	45.000,00
Aval a favor de Meular	30.000,00	70.000,00
Aval a favor de Rede Galega de Kioskos	12.010,00	
Aval a favor de COINCO	5.148,00	
<b>TOTALES 2020</b>	<b>436.327,00</b>	<b>762.736,00</b>
<b>TOTALES 2019</b>	<b>695.301,00</b>	

Acordos da entidade que non figuran en balance, así como o posible impacto financeiro:

Existen riscos derivados da existencia de avais asinados en diversas entidades bancarias. En concreto existen tres liñas de avais.

Un deles responde ante Novagalicia Banco das operacións coa empresa SOLRED (tarxetas de repostaxe de gas oil) que ascende a un total de 17.000,02 €, e coa empresa CEPSA, polo mesmo concepto, por importe de 3.000€.


Por outro lado temos asinado co BBVA unha póliza de avais de 100.000 € de máximo e outra con Novagalicia Banco por 185.000,00 €. A 31 de decembro as referidas pólizas de Novagalicia Banco estaba disposta en 134.669,74 €, e a de BBVA en 61.433,86 euros.

No ano 2020 formalizouse aval ante o Concello de Santiago por importe de 93.041,00 euros, na entidade Banco Santander.

Durante o ano 2020 Cogami pagou comisións de avais e taxas pola instalación pública de quioscos en varios concello de Galicia, así como exequión de avais de Rede Galega de Quioscos(que está en concurso de acredores) por importe de 3.510,50€. E durante o 2019 pagou polo mesmo concepto 10.079,51 euros.

Os importes recibidos polos membros do órgano de administración da entidade son os seguintes:

Importes recibidos polos membros dos órganos de goberno	Exercicio 2020	Exercicio 2018
1. Remuneracións salariais.	223.567,45	213.875,30
2. Obrigas contraladas en materia de pensións.	0,00	0,00
3. Primas de seguro de vida.	0,00	0,00
4. Indemnizacións por cese	0,00	0,00
5. Pagos baseados en instrumentos de patrimonio	0,00	0,00
6. Anticipos e créditos concedidos.	0,00	0,00
7. Gastos de viaxe e desprazamento.	2.342,49	6.677,46
Total	225.909,94	220.552,76



A entidade non conta con persoal de alta dirección.

Non existen obligas contraídas en materia de pensións ou de pago de primas de seguros de vida respecto dos membros antigos e actuais do órgano de goberno e persoal de alta dirección.

Non se devengaron

no exercicio indemnizacións por cese.

Non se realizaron anticipos ou créditos ao persoal de alta dirección ou ós membros do órgano de administración.

## 24. OUTRA INFORMACIÓN

En data 21 de xuño de 2019 a Asemblea Xeral de socios, procedeu a realizar o nomeamento da nova Xunta Directiva. Dita composición non foi sufriu modificacións neste ano.

O número medio de empregados por categorías profesionais e diferenciando por sexos, atendendo a nova redacción do artigo 200.9 do TRLSA segundo a Disposición adicional vixésima sexta da Lei 3/2007 é como segue:

Número medio de persoas empregadas no curso do exercicio por categorías e sexos	Exercicio 2020		Exercicio 2019	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Persoal coordinador	9,93	12,87	8,99	9,83
Persoal Técnico	16,08	68,14	17,40	63,08
Persoal administrativo	0,78	11,31	3,15	16,55
Persoal Servizo de Integración	5,00	26,46	4,41	25,96
Persoal Centros de Día	8,88	82,69	12,15	89,09
<b>Total emprego medio</b>	<b>40,66</b>	<b>201,48</b>	<b>46,10</b>	<b>204,51</b>

Do número medio de persoas empregadas no curso do exercicio teñen unha discapacidade maior ou igual ó 33%:

Persoal con discapacidade	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Persoal coordinador	12,79	8,82
Persoal Técnico	30,33	33,33
Persoal administrativo	8,68	11,23
Persoal Servizo de Integración	11,48	12,66
Persoal Centros de Día	25,88	29,65
<b>Total</b>	<b>89,16</b>	<b>95,69</b>

O número de empregados a final do exercicio por categorías profesionais e diferenciando por sexos, é como segue:



Número de persoas empregadas ó final do exercicio	Exercicio 2020		Exercicio 2019	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Persoal coordinador	10,00	15,00	9,00	10,00
Persoal Técnico	15,00	78,00	21,00	80,00
Persoal administrativo	1,00	10,00	2,00	14,00
Persoal Servizo de Integración	5,00	25,00	4,00	29,00
Persoal Centros de Día	12,00	105,00	9,00	100,00
<b>Total empregados ó final do exercicio</b>	<b>43,00</b>	<b>233,00</b>	<b>45,00</b>	<b>233,00</b>

Os honorarios percibidos no exercicio polos auditores de contas teñen o seguinte detalle:

Honorarios do auditor no exercicio (IVE incl.)	2.020	2.019
Honorarios cargados pola auditoría de contas	6.890,95	6.890,95
Honorarios cargados por outros servizos (auditoría de subvencións)	14.084,00	10.793,20
Honorarios cargados por servizos de asesoramento fiscal	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>20.974,95</b>	<b>17.684,15</b>

Os honorarios pola auditoría das contas anuais do exercicio 2020, a pagar no exercicio 2021 ascenden a 7.044,47 euros.

## 25. INFORMACIÓN SEGMENTADA.

Dado que a entidade non está obrigada a formular a Conta de Perdas e Ganancias normal, non resulta necesaria a información segmentada por mercados.

## 26. INFORMACIÓN SOBRE A LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO.

### Bases da presentación e liquidación do presupuesto

Os criterios sobre a súa liquidación, baséanse nos conceptos xerais seguintes:

- Cumprimento da legalidade.
- Estimación orzamentaria tomado como referente os datos do ano anterior.
- Para efectuar a liquidación, tense en conta os importes devengados, partindo dos datos contables.
- Ao remate, faise a conciliación entre o resultado orzamentario e o resultado contable.



## Conciliación entre o orzamento e as cifras acadadas durante o exercicio.

### LIQUIDACION DO ORZAMENTO EXERCICIO 2020

EPÍGRAFES	Gastos orzamentados			EPÍGRAFES	Ingresos orzamentados		
	Orzamento	Realizado	Desviación		Orzamento	Realizado	Desviación
<b>OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO</b>				<b>OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO</b>			
1. Axudas monetarias e outros	28.209,17	45.684,06	-17.474,89	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	4.212.822,62	4.064.380,40	148.442,22
a) Axudas monetarias		38.178,67	-38.178,67	a) Cuotas de usuarios e afiliados	520.289,60	270.895,34	249.404,26
b) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		2.652,57	0	b) Ingresos de promocións,	5.500,00	5.500,00	0
c) Reintegro de subvencións		4.852,82	-4.852,82	c) Subvencións, donacións e legados imputados ó resultado	3.677.023,02	3.787.985,06	-110.962,04
2. Compras de bens destinados á actividad	114.208,70	635.252,81	-521.044,11	2. Ventas e outros ingresos ordinarios	3.929.977,99	3.501.537,75	428.440,24
3. Gastos de persoal	6.336.970,93	6.035.950,75	301.020,18	3. Outros ingresos	7.141,02	86.133,29	-78.992,27
4. Servicios externos para a actividad propia	461.455,82	929.812,93	-468.357,11	4. Traspaso a resultados subvencións de capital	446.209,77	438.228,54	7.981,23
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	458.082,25	468.389,98	-10.307,73	5. Ingresos financeiros		76,46	-76,46
6. Outros gastos	1.093.125,58		1.093.125,58	6. Ingresos extraordinarios		2.000,00	-2.000,00
7. Variacións das provisións da actividad e pérdidas de créditos incobrables			0				
8. Gastos financeiros e gastos asimilados	32.137,54	25.788,02	6.349,52				
9. Gastos extraordinarios	0	2.159,30	-2.159,30				
10. Imposto sobre sociedades							
<b>TOTAL GASTOS OPERACIÓN S DE FUNCIONAMENTO</b>	<b>8.524.189,99</b>	<b>8.143.037,85</b>	<b>381.152,14</b>	<b>TOTAL INGRESOS OPERACIÓN S DE FUNCIONAMENTO</b>	<b>8.596.151,40</b>	<b>8.092.356,44</b>	<b>503.794,96</b>
<b>OPERACIÓNS DE FONDOS</b>				<b>OPERACIÓNS DE FONDOS</b>			
1. Diminucións de subvencións, doazóns e legados de capital e outros	446.209,77	608.510,59	7.981,23	1. Aportacións de fundadores e asociados		-7.902,02	7.992,02
2. Aumentos do inmobiliado	260.063,05	875.240,67	-615.177,62	2. Aumentos de subvencións, doazóns e legados de capital e otros		1.814.441,95	-2.282.631,93
a) Gastos de establecemento e da formalización de débedas	0	0	0	3. Disminucións do inmobiliado	198.019,20	1.270,51	-270.370,78
b) Bens do Patrimonio Histórico	0	0	0	a) Gastos de establecemento e de formalización de deudas		0	0
c) Inmobilizacións materiais	221.948,05	278.905,57	-21.335,51	b) Bens de Patrimonio Histórico		0	0
d) Inmobilizacións inmateriais	38.115,00	631.957,01	-593.842,01	c) Inmobilizacións materiais		0,00	-431.644,84
			0	d) Inmobilizacións inmateriais		1.270,51	-36.745,14
4. Aumentos de inversións financeiras		9.021,16	-9.021,16	4. Disminucións de existencias		-993,17	-4.044,48
5. Aumentos de tesorería		44.400,86	-44.400,86	5. Disminucións de inversiones financeiras		485.574,61	-12.302,96
6. Aumentos do capital de funcionamento		1.406.394,98	-810.350,30	6. Disminucións de tesorería	436.292,22	0	436.292,22
7. Diminucións de provisións para riscos e gastos		0		7. Diminucións do capital de funcionamento		0	0
8. Diminucións de débedas		113.457,48	-944.749,22	8. Aumento de provisións para riscos e gastos		6.315,26	0
			0	9. Aumento de débedas		0	
<b>TOTAL GASTOS OPERACIÓN S DE FONDOS</b>	<b>706.272,82</b>	<b>3.057.025,74</b>	<b>-2.415.717,93</b>	<b>TOTAL INGRESOS OPERACIÓN S DE FONDOS</b>	<b>634.311,42</b>	<b>2.298.617,14</b>	<b>-2.125.265,91</b>
<b>TOTAL GASTOS PRESUPOSTARIOS</b>	<b>9.230.462,81</b>	<b>11.200.063,59</b>	<b>-2.034.565,79</b>	<b>TOTAL INGRESOS PRESUPOSTARIOS</b>	<b>9.230.462,82</b>	<b>10.390.873,58</b>	<b>-1.621.470,95</b>

Orzamento aprobado para o vindoño exercicio.

**ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021**

EPÍGRAFES	Gastos orzamentados	EPÍGRAFES	Ingresos orzamentados
	Orzamento		Orzamento
<b>OPERACIÓNES DE FUNCIONAMENTO</b>			
1. Axudas monetarias e outros			
a) Axudas monetarias	11.195,17		
b) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno			
c) Reintegro de subvencións			
2. Compras de bens destinados á actividade	122.272,50		
3. Gastos de persoal	6.099.389,54		
4. Servicios externos para a actividade propia	300.296,78		
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	462.524,35		
6. Outros gastos	942.114,81		
7. Variacións das provisións da actividade e pérdidas de créditos incobrables	0,00		
8. Gastos financeiros e gastos assimilados	34.137,54		
9. Gastos extraordinarios	0,00		
10. Imposto sobre sociedades	0,00		
<b>TOTAL GASTOS OPERACIÓNES DE FUNCIONAMENTO</b>	<b>7.971.930,69</b>		<b>7.989.070,39</b>
<b>OPERACIÓNES DE FONDOS</b>			
1. Diminucións de subvencións, doazóns e legados de capital e otros			
2. Aumentos do inmovilizado	431.065,67		
a) Gastos de establecemento e de formalización de débedas			
b) Bens do Patrimonio Histórico			
c) Inmobilizacións materiais			
d) Inmobilizacións inmateriais	273.567,01		
4. Aumentos de inversións financeiras			
5. Aumentos de tesorería			
6. Aumentos do capital de funcionamento			
7. Diminucións de provisións para riscos e gastos			
8. Diminucións de débedas			
<b>TOTAL GASTOS OPERACIÓNES DE FONDOS</b>	<b>431.065,67</b>		
<b>TOTAL GASTOS PRESUPOSTARIOS</b>	<b>8.402.996,36</b>		
<b>TOTAL INGRESOS OPERACIÓNES DE FUNCIONAMENTO</b>			
<b>OPERACIÓNES DE FONDOS</b>			
1. Aportacións de fundadores e asociados			
2. Aumentos de subvencións, doazóns e legados de capital e otros			<b>247.447,05</b>
3. Disminucións do inmovilizado			<b>462.524,35</b>
a) Gastos de establecemento e de formalización de deudas			
b) Bens do Patrimonio Histórico			
c) Inmobilizacións materiais			
d) Inmobilizacións inmateriais			
4. Diminucións de existencias			
5. Diminucións de inversións financeiras			
6. Diminucións de tesorería			
7. Diminucións do capital de funcionamento			
8. Aumento de provisións para riscos e gastos			
9. Aumento de débedas			
<b>TOTAL INGRESOS OPERACIÓNES DE FONDOS</b>			<b>709.971,40</b>
<b>TOTAL INGRESOS PRESUPOSTARIOS</b>			<b>8.699.041,79</b>



## 27. ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO DO EXERCICIO		NOTAS	31/12/2020	31/12/2019
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTAÇÃO E XESTIÓN</b>				
1. EXCEDENTE DO EXERCICIO ANTES DE IMPОСTOS			<b>-50.681,41</b>	<b>140.500,57</b>
2. AXUSTES DO RESULTADO		5-6-7-8	<b>36.776,00</b>	<b>70.945,21</b>
a) Amortización do immobilizado (+)			<b>468.389,98</b>	<b>472.006,27</b>
b) Correccións valorativas por deterioro (+/-)			<b>-19.095,00</b>	<b>1.351,18</b>
c) Variación de provisións (+/-)				
d) Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	16		<b>-438.228,54</b>	<b>-433.073,49</b>
e) Resultados por baixas e enaxesenacións do immobilizado (+/-)				
f) Resultados por baixas e enaxesenacións de instrumentos financeiros (+/-)			<b>-76,46</b>	<b>-11,89</b>
g) Ingresos financeiros (-)			<b>25.788,02</b>	<b>31.670,14</b>
h) Gastos financeiros (+)				
i) Diferencias de cambio (+/-)				
j) Variación de valor razonable en instrumentos financeiros (+/-)				
k) Outros ingresos e gastos (+/-)				<b>-1.000,00</b>
3. CAMBIOS NO CAPITAL CORRENTE		10	<b>632.859,60</b>	<b>146.050,69</b>
a) Existencias (+/-)			<b>-993,17</b>	<b>0,00</b>
b) Debendores e outras contas a cobrar (+/-)			<b>610.236,99</b>	<b>3.333,52</b>
c) Outros activos correntes (+/-)			<b>11.340,06</b>	<b>-55.879,41</b>
d) Acredores e outras contas a pagar (+/-)			<b>29.096,85</b>	<b>32.921,10</b>
e) Outros pasivos correntes (+/-)			<b>-16.831,13</b>	<b>165.675,48</b>
f) Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
4. OTROS FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTAÇÃO E DE XESTIÓN			<b>-12.187,22</b>	<b>-29.684,04</b>
a) Pagos por xuros (-)			<b>-19.686,31</b>	<b>-29.695,93</b>
b) Cobros de dividendos (+)			<b>76,46</b>	<b>11,89</b>
c) Cobros de xuros (+)			<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
d) Cobros (pagos) por imposto sobre beneficios (+/-)	13		<b>7.452,63</b>	<b>0,00</b>
5. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTAÇÃO E DE XESTIÓN			<b>606.798,97</b>	<b>327.820,43</b>
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>				
6. PAGOS POR INVESTIMENTOS (-)			<b>151.284,70</b>	<b>-196.252,22</b>
a) Empresas do grupo e asociadas				
b) Immobilizado intangible			<b>-44.663,69</b>	<b>-46.899,73</b>
c) Immobilizado material	5		<b>-280.635,06</b>	<b>-149.517,34</b>
d) Bens do Patrimonio Histórico				
e) Investimentos immobiliarios			<b>476.553,45</b>	<b>164,85</b>
f) Outros activos financeiros				
g) Activos non correntes mantidos para venta				
h) Outros activos				
7. COBROS POR DESINVESTIMENTOS (+)			<b>2.000,00</b>	<b>1.000,00</b>
a) Empresas do grupo e asociadas				
b) Immobilizado intangible			<b>2.000,00</b>	<b>1.000,00</b>
c) Immobilizado material				
d) Bens do Patrimonio Histórico				
e) Investimentos immobiliarios				
f) Outros activos financeiros				
g) Activos non correntes mantidos para venta				
h) Outros activos.				
8. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			<b>153.284,70</b>	<b>-195.252,22</b>
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO</b>				
9. COBROS E PAGOS POR INSTRUMENTOS DE PATRIMONIO			<b>-608.510,59</b>	<b>58.105,80</b>
a) Aportación á dotación fundamental o fondo social				
b) Disminucións de fondo social				
c) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	18		<b>-608.510,59</b>	<b>58.105,80</b>
10. COBROS E PAGOS POR INSTRUMENTOS DE PASIVO FINANCIERO	9.2		<b>-107.142,22</b>	<b>-203.167,67</b>
a) Emisión			<b>6.315,26</b>	<b>300.769,60</b>
1. Obligacións e valores negociables (+)				<b>493,96</b>
2. Débedas con entidades de crédito (+)				<b>300.269,64</b>
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (+)			<b>6.315,26</b>	
4. Outras débedas (+)			<b>-113.457,48</b>	<b>-503.931,47</b>
b) Devolución y amortización de				
1. Obligacións e valores negociables (-)			<b>-91.669,97</b>	<b>-307.271,69</b>
2. Débedas con entidades de crédito (-)			<b>-21.787,51</b>	
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (-)				<b>-196.659,78</b>
4. Outras débedas (-)				
11. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			<b>-715.652,81</b>	<b>-348.062,07</b>
<b>D) EFECTO DAS VARIACIONES DOS TIPOS DE CAMBIO</b>				
E) AUMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES			<b>44.400,86</b>	<b>-12.493,86</b>
Efectivo ou equivalente ao comezo do exercicio.			<b>37.272,40</b>	<b>49.766,26</b>
Efectivo ou equivalente ao fin do exercicio			<b>81.673,26</b>	<b>37.272,40</b>

## 28. INVENTARIO

Dado que o artigo 25.2 da lei 50/2002, de 26 de decembro se refire a inventarios de elementos patrimoniais para Fundacións, entendemos que a Confederación non está obrigada á súa presentación.

En Santiago de Compostela a 30 de abril de 2021, quedan formuladas as contas anuais, dando a súa conformidade mediante sinatura:



# Memoria

2020





**COGAMI**



<b>0</b>	<b>1</b>	<b>3</b>
Carta do Presidente	COGAMI	Como nos organizamos
•	•	•
<b>3</b>	<b>5</b>	<b>7</b>
Aportamos valor social	COGAMI en cifras	Apoiamos ás nosas entidades
•	•	•
<b>9</b>	<b>11</b>	<b>13</b>
Centros de atención diurna	Formamos para o emprego	Orientamos para o emprego
•	•	•
<b>15</b>	<b>19</b>	<b>21</b>
Promovemos a autonomía persoal	Sensibilizamos e concienciamos	Melloramos a accesibilidade das contornas
•	•	•
<b>23</b>	<b>25</b>	<b>29</b>
Promovemos o lecer e o deporte	Dámonos a coñecer	Creamos emprego
•	•	•
<b>33</b>	<b>34</b>	<b>48</b>
Estamos aquí	Entidades membro	Entidades financeiras





## Queridas amigas e amigos:

O ano 2020 cambiou a vida a nivel mundial a consecuencia da pandemia do COVID-19 e, nas persoas con discapacidade, o seu impacto foi realmente preocupante. Os seus efectos no noso grupo social, xa de por si castigado nas crises precedentes, poñen en risco décadas de loita e traballo pola inclusión. Atopámonos nun momento no que os nosos dereitos

fundamentais están en grave perigo, sobre todo en canto á posibilidade de recibir unha atención sociosanitaria digna, vendo incrementada a situación de indefensión e vulnerabilidade.

Trinta anos despois da nosa constitución, cando ainda non demos acadado a "normalidade", xa se está a falar dunha "nova" que está poñendo en perigo o conseguido ata o de agora, correndo

o risco de retroceder vinte anos. Temos por diante o facer fronte a unha situación que, unha vez máis, evidencia as desigualdades, polo que os servizos que estamos prestando tórnanse imprescindibles para as persoas con discapacidade e as súas familias.

Ao igual que o resto de organizacións, institucións e empresas, tivemos que adaptarnos a pasos axigantados a

unha realidade que nos era totalmente descoñecida e seguir prestando os servizos con fórmulas alternativas ás habituais, para garantir unha resposta integral ás persoas. Foron e seguen a ser momentos duros, de incerteza, de posta ao día en normas sanitarias que cambiaban continuamente, pero que serviron tamén como nexo de unión e de traballo convxunto, e que non



## CARTA DO PRESIDENTE

Anxo Queiruga Vila



sería posible sen a implicación e inmenso esforzo de todas as persoas traballadoras de centros de atención diúrna, residencias e vivendas, centros especiais de emprego, movemento asociativo, árees e servizos, oficinas,... que estiveron en primeira liña, contribuíndo co seu traballo a toda a sociedade, demostrando que SOMOS CAPACES. Quédanos por diante un longo camiño por


percorrer e que require dun compromiso por parte das administracións para que ningunha persoa quedeatrás, así como a participación das persoas con discapacidade e familias, a través das súas organizacións representativas, nos plans de reconstrucción social e económica que se desenvolvan tanto a nivel europeo, estatal e autonómico, e así garantir que os

fondos sirvan para mellorar o acceso ao mercado do traballo das persoas con discapacidade, aos servizos sociais e para implementar medidas de inclusión social.

Anímovos a coñecer o traballo realizado polo grande equipo que conforma COGAMI. Quixera despedirme co agradecemento a todas as persoas que o fixeron posible: asociacións, profesionais, voluntariado,

pessoas e entidades colaboradoras,... moitas grazas polo voso compromiso e contribución para acadar unha sociedade que teña en conta a todas as persoas.

Unha aperta.



MISIÓN



Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

VISIÓN



Un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderado na busca de novas metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.



## COGAMI

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade -COGAMI- é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por 55 asociacións de persoas con discapacidade.

Presta servizos ás persoas con discapacidade e conta con 11 iniciativas empresariais de economía social, xerando emprego a 1.165 persoas na Organización.

## VALORES

Adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Ademais, adopta estes valores:

### Valores de xestión

- Transparencia
- Mellora continua
- Innovación
- Calidade
- Profesionalidade
- Democracia interna
- Enfoque de xénero

### Valores de entidade

- Defensa de dereitos das persoas con discapacidade
- Igualdade interseccional
- Solidariedade
- Participación
- Implicación social
- Independencia





## COMO NOS ORGANIZAMOS

COGAMI está constituída por 15 asociacións membro directo: 4 federacións provinciais, integradas á súa vez por outras asociacións, 2 entidades autonómicas e 10 asociacións comarcas.



# 55

entidades conforman  
o noso movemento  
asociativo

## APORTAMOS VALOR SOCIAL



A crise provocada polo COVID-19 reafirmounos na necesidade de poñer ás persoas no centro da nosa actividade e o valor que lle aportamos a través da mesma. En COGAMI acadamos un

compromiso coa mellora dende o ano 2009, data na que iniciamos un camiño orientado a responder con calidade ás necesidades das persoas con discapacidade, entidades asociadas, financeiras e colaboradoras, ademais

### COGAMI

A nivel autonómico, é unha das fundadoras de:


Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL)

Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia)

Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia)

A nivel estatal, formamos parte de:

Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica (COCEMFE)





- Cada 1€ que COGAMI recibe da Administración Pública converteo en 3,94€.


● .....  
Cada 1€ que COGAMI emprega para realizar as súas actividades, converteo en 1,70€ na contorna onde realiza esa actividad.



Xornada de boas prácticas na aportación de valor dentro do servizo SIL.







## APOIAMOS ÁS NOSAS ENTIDADES

A nosa área de Fortalecemento do Movemento Asociativo apoia a toda a rede de entidades ás que presta servizos de: información e asesoramento,

xestión de recursos, organización de cursos, sensibilización social e de saúde, ademais da participación en programas de lecer e tempo libre.

**251**  
participantes  
nos programas  
desenvolvidos

■ Recibidas 217 solicitudes de apoio de 41 entidades, das que o 99,5% foron resoltas, quedando 1 pendente para o vindeiro ano.

■ O tipo de apoio más solicitado foi información sobre discapacidade, asociacionismo e sobre a pandemia do COVID-19.



Reunión de COGAMI e a entidade membro A Mariña-COGAMI co Alcalde de Xove

### Servizos e programas

#### PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA

Apoios en fisioterapia, natación terapéutica, hidroterapia, atención psicolóxica, traballo de habilidades sociais... Actividades que teñen por fin mellorar a independencia funcional físico-motora da persoa, minimizar os procesos degenerativos, estimular as posibilidades de movemento e autonomía, ademais de loitar contra as secuelas da inactividade.

#### FORMACIÓN

Actividades formativas de carácter básico ocupacional, como o curso de informática á carta e os de Lingua de Signos Española e de Manipulación de Alimentos, ademais da xornada sobre Como Difundir a Nosa Entidade.

#### LECER

Proxecto EN-RED-ARTE, que paralizou a actividade no mes de marzo para retomala en setembro, contou con 18 obradoiros artísticos clasificados en: escritura creativa, teatro, música tradicional, fotografía artística e artes plásticas, nos que participaron persoas usuarias de 15 entidades membro.

**16**  
participantes

**77**  
participantes

**158**  
participantes



## Seguimento das propostas lexislativas



A Comisión Sociosanitaria intervén na presentación da Estratexia de Humanización da Asistencia Sanitaria.

### Comisión sociosanitaria

Órgano de apoio  
ás consultas  
índividuais e  
representativas  
de problemáticas  
comúns.


En 2020 xogou un papel importante de atención ás entidades membro de COGAMI en temas sobre prevención, material de protección individual, temas relacionados co confinamiento e a desescalada

durante a primeira onda do COVID-19. Durante o confinamento contactou e fixo seguimento coas farmacias hospitalarias para asegurar o acceso a tratamentos das persoas con discapacidade orgánica.

- Alegacións á Lei de Saúde de Galicia.
- Análise comparativa do catálogo galego polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde.
- Plan Nacional de Prevención de Deficiencias.
- Proxecto de decreto da Consellería de Sanidade que regula tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.
- Aportacións ao protocolo de educación coa incorporación ás aulas do alumnado con discapacidade física e orgánica.
- Participación como revisora externa do material de formación para pacientes na Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.
- Participación no Consello Asesor de Pacientes a nivel autonómico.
- Presentación da estratexia de Humanización do Sergas.
- Asistencia a EURECO Forum. Plataforma europea de investigación para a planificación comunitaria de servizos.



## OS NOSOS CENTROS DE ATENCIÓN DIÚRNA



O centro de Medelo realiza unha saída pola contorna

**C**ontamos con catro centros de atención diúrna, con prazas públicas concertadas, que prestan apoios para cubrir as necesidades das persoas con discapacidade e familias.

### CRD de Monteporreiro

centro de día

**16**

prazas ocupadas

### CRD de Medelo

centro de día e  
ocupacional

**27**

prazas ocupadas

### CRD de Fingoi

centro de día

**25**

prazas ocupadas

### CRD de Mos

centro de día,  
ocupacional e vivenda  
tutelada

**36**

prazas ocupadas



## Un ano de adaptación á nova realidade:

A declaración do estado de alarma o 14 de marzo de 2020 implicou o peche dos centros de atención diúrna pero, o servizo continuou ofrecendo atención directa ás persoas usuarias segundo as súas necesidades. Repartiuase material nos domicilios, realizáronse seguimentos

telefónicos, videochamadas e, a través de plataformas grupais online, ofreceuse apoio psicolóxico, actividades de habilidades sociais e estimulación cognitiva, ademais de táboas de exercicios elaboradas por fisioterapia, realización

de diferentes obradorios,... Todas as actividades marcounas o persoal de centros (logopedas, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, monitoras/es e coidadoras/es,...). No estado de alarma entregouse medicación e produtos de

primeira necesidade nos domicilios, fixérонse visitas de seguimentos para apoio ás familias e detección de necesidades. No mes de xuño iniciaron as atencións presenciais individualizadas nos centros e, en setembro abriron, tras a aprobación dos plans de accións as áreas sanitarias.



Persoa traballadora do centro de Fingoi procede ao desinfectado dos produtos de apoio das persoas usuarias que acoden ao centro

### Novas medidas nos centros:



grupos  
burbolla



control e  
rexistro da  
temperatura



enquisa diaria  
epidemioloxica  
COVID-19



plan de  
limpeza e  
desinfección



servizo comedor  
con bandexas  
individuais



## FORMAMOS PARA O EMPREGO

**D**esenvolvemos un programa de formación adaptado ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade, tendo por finalidade a adquisición de competencias para capacitar o seu desenvolvemento profesional.

A causa do COVID-19, houbo que impartir cursos con planificación presencial en formato de teleformación ou aula virtual, cedendo equipos e conexión ao alumnado que o precisara.

Todas as accións formativas foron financiadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, Consellería de Política Social, Fondo Social Europeo, Fundación ONCE, Fundación "la Caixa" e o Ministerio de Asuntos Sociais.

**29**

cursos realizados

**15**

presenciais

**14**


online

**43**

pessoas  
realizaron  
prácticas en  
empresas



Curso de Carretilleiro impartido en Santiago financiado pola Consellería de Política Social




**301**

persoas  
formadas

**35%**

das persoas  
formadas logrou  
a inserción  
laboral



#### CURSOS IMPARTIDOS PRESENCIAIS

#### Localidades

Operacións Auxiliares de Servizos Administrativos e Xerais	Cabana de Bergantinos e Ferrol
Informática Básica	Vilagarcía de Arousa
Informática Avanzada	Vilalba
Xestión de Almacén	Boiro
Operador/a de Carretilla Elevadora	Fene, Santiago
Manexo de Maquinaria de Manutención. Ed. 7/20	Lugo
Transporte de Mercadorías por Estrada (CAP) Ed. 1/20	Lugo
Operacións de Transporte e Almacenamento	Lugo
Taller de Neuropsicoloxía	Bergondo
Técnicas Aplicadas á Decoración	Bergondo
Limpeza de Interiores	Lugo
Operario/a de Fabricación de Máscaras	Bergondo
Atención ao Públco-Ofimática	Ourense

#### CURSOS IMPARTIDOS POR TELEFORMACIÓN

#### Localidades

Actividades Administrativas na Relación co Cliente	Ferrol e A Coruña
Operacións Auxiliares de Servizos Administrativos e Xerais	Santiago, A Coruña e Pontevedra
Competencias Clave	Vigo
Contabilidade Laboral	Vigo
Recepcionista Telefonista	Salvaterra do Miño
Alfabetización Informática	Lugo
Iniciación á Informática	Cee e Santiago
Técnicas de Venda e Informática	Ferrol
Informática Básica	Monforte de Lemos e Lalín



## ORIENTAMOS CARA AO EMPREGO

**6.596**

orientacións  
realizadas

**994**

novas inscricións

**18.174**

pessoas inscritas  
na base de datos

**1.705**

pessoas atoparon  
emprego nunha  
das 500 empresas  
contactadas. O 63%  
en empresa ordinaria  
e o 37% en empresa  
protexida (CEE)

Servizo de Intermediación, Orientación  
e Prospección de Empleo

Nace en 1996  
como unha aposta  
de COGAMI  
pola inclusión  
das persoas con  
discapacidade no  
mercado laboral.

É colaboradora do  
Servizo Público  
de Emprego de  
Galicia e autorizada  
como Axencia de  
Colocación co  
nº 1200000003.

40 profesionais de  
orientación laboral e  
axentes de emprego  
traballan tanto nas  
zonas urbanas  
como rurais das sete  
cidades galegas.



O SIL esinou convenios cos concellos de Xinzo de Limia (na imaxe), Lalín e Tui para a cesión de espazos de puntos de atención a persoas con discapacidade

Incorpora de “la Caixa” para a inserción laboral de persoas en risco de exclusión.  
Formamos parte da rede Incorpora de Galicia.

**142**

■ insercións

Más Empleo “la Caixa” e FSE para o deseño de itinerarios integrados para a inserción  
sociolaboral de persoas en situación de risco ou exclusión.

**108**

■ participantes

**42**

■ insercións

**7**

■ cursos

**71**

■ persoas formadas

POISES de itinerarios personalizados para a inserción laboral.

**164**

■ participantes

**142**


■ empresas contactadas

**102**


■ insercións



### Perfil dominante



O 72% das persoas inscritas na base de datos do servizo SIL ten discapacidade física.




O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral visita as instalacións de Fingoi, en Lugo



Reunión do Presidente de COGAMI coa Consellería de Emprego e Igualdade

### ■ Participación en foros empresariais para darnos a coñecer:

<b>A Coruña</b>	Xornada promovida por Vegalsa "Lo que de verdad importa" ● Xornada Networking sede Vegalsa Eroski A Coruña, promovido por "Rede Activa" ● Xornadas Diversidade Funcional, acceso ao emprego inclusivo da UDC ● Encontro entidades sociais de Galicia con CLECE.
<b>Santiago</b>	Charla CIFP Compostela sobre Itinerarios Integrados de Emprego ● Participación virtual feira emprego Talentia.
<b>Ferrol</b>	Participación coa USC na xornada de Desenvolvemento de Proxectos de Aprendizaxe e Servizo ● Networking "AI Abord-AJE" con AJE Coruña e AJE Ferrol.
<b>Lugo</b>	Asistencia Xornada Xustiza Social (rede TIL) ● Acto inauguración Proxecto Edison-USC- COGAMI ● Visita Diaconía ● Acto presentación Deputación Lugo Exposición itinerante 25N ● Reunións virtuais REDE TIL ● Asistencia presentación informe ODISMET.
<b>Ourense</b>	Participación nun video para COCEMFE no que se explica o funcionamento do SIL.
<b>Pontevedra</b>	Participación na Feira Pontesán.
<b>Vigo</b>	Reunións virtuais Grupo Rede de Emprego de Vigo.





## PROMOVEMOS A AUTONOMÍA PERSOAL.



Equipo do Proxecto Innovador de Promoción da Autonomía Persoal

25

solicitudes  
recibidas



### Proxecto Innovador de Promoción da Autonomía Persoal



Terapia acuática na piscina situada nas instalacións do CEGADI, en Santiago de Compostela



Consistindo nun plan integral de actuacións sobre a persoa con discapacidade en situación de dependencia dende a idade temprá, en 2020 realizarónse accións de deseño, seguimento e avaliación dos plans de apoios personalizados; coordinación cos recursos da contorna como entidades sanitarias e sociais; intervencións en accesibilidade e inclusión escolar e coa posta en marcha de terapia acuática.

40

participantes



+6.000

intervencións



16

participantes que  
finalizaron





A área de Promoción da Autonomía Personal busca promover o cambio social, solucionar problemas nas relacións humanas, fortalecelas e incrementar a autonomía e independencia das persoas con discapacidade e familias. E isto desenvólvese cunha metodoloxía de atención integral centrada na persoa, a través de itinerarios personalizados de intervención con e para as propias persoas.

### Informamos, Asesoramos e Orientamos


Presente en todas as oficinas e entidades membro de COGAMI, o servizo de Información, Asesoramiento e Orientación está dirixido por un equipo interdisciplinar de profesionais con amplia experiencia para a resolución de consultas.



Actividade grupal desenvolvida dentro do Programa de Inclusión

### Consultas recibidas

Temática	nº consultas
Certificado de discapacidade	416
Axudas económicas	365
Emprego	184
Accesibilidade	95
Outros	80
Dependencia	73
Produtos de apoio	57
Vivenda	47
Centros	42
Asociacionismo	40
Formación	38
COGAMI	32
Lecer	25
Asistencia persoal	21
Voluntariado	20
Sanidade	18
Educación	14
Axuda domiciliaria	12
Autoemprego	8
Centros especiais de emprego	3
<b>Total consultas</b>	<b>1.590</b>



## Xestión de Recursos

**566**

xestións de recursos realizadas

Ten por obxectivo acompañar e capacitar ás persoas durante a xestión dos recursos que ofrecen as administracións, co fin de proporcionar autonomía e aprendizaxe ás persoas que o precisen, tanto a través dos reixistros xerais como das novas tecnoloxías.

## Intervención Social

**448**

proxectos de intervención deseñados

Intervencións encamiñadas a fomentar o empoderamento das persoas con discapacidade, especialmente con grande discapacidade, para a promoción da autonomía e independencia, e a participación en igualdade de oportunidades.

Destaca o traballo intenso na pandemia, con actuacións sobre recursos de atención, orientación e asesoramiento persoal e social, de apoio nas relacións con outras entidades, organismos e servizos.

**4.695**

actuacións: visitas domiciliarias, acompañamentos, entrevistas e seguimentos

**397**

persoas atendidas

## Intervencións dirixidas a:



Traballadora Social de COGAMI en Santiago

Destacamos proxectos como:



**ÁMBITO RURAL**

Persoas que viven no rural, factor de especial risco de exclusión.

**190**

persoas beneficiarias



Probando a aplicación móvil do programa Crea Autonomía 2020

### Accións prelaborais para a inclusión socio-laboral.

A través de itinerarios personalizados, accións específicas previas á inclusión socio-laboral, como motivación persoal, empoderamento, información, dinamización, mellora das habilidades sociais e alfabetización dixital.

**MULLERES**

Actuacións para diminuir a discriminación e prexuízos que privan ás mulleres de exercer os seus dereitos. Apoio, mobilización de recursos públicos e privados e acompañamiento a vitimas de violencia.

**272**

mulleres atendidas

**MENORES**

Para a defensa de dereitos como a autodeterminación, a integración, a normalización e

**9**

intervencións con menores

### Crea Autonomía 2020.

A través da aplicación móvil AccesibiliApp, preténdese facer proactivas ás persoas para a mellora da accesibilidade, poñendo en coñecemento ás autoridades competentes das incidencias.

**+600**

persoas beneficiarias

**119**

persoas beneficiarias

## Sensibilizamos e concienciamos



**A**ctuacions dirixidas ao conxunto da poboación para sensibilizar e concienciar sobre discapacidade e a prevención da lesión medular.



## Servizo DEDALEIRA

Durante 2020 reforzouse este Servizo de Atención e Promoción da Autonomía Afectivo-Sexual para Pessoas con Discapacidade, o servizo Dedaleira.

Participouse en todos os niveis de prevención coa finalidade de diminuir ao máximo a taxa de vivencias de violencia sexual a través da Unidade Querelar, así como a promoción do maior grao de autonomía posible no ámbito da sexualidade por parte das persoas usuarias.

A través de Co-Respecto abordamos e minimizamos as relacións desiguais para a prevención de conductas violentas e reconducilas cara á interaccións sas.



Reunión telemática de COGAMI co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para falar sobre programas de fomento da autonomía das mulleres con discapacidade



## Servizo de préstamo de produtos de apoio

**96**

produtos de apoio  
disponíbeis

Nace para facilitar o acceso e proba de produtos de apoio ás persoas con discapacidade que os precisen. Ante unha demanda de produtos, realizaase unha valoración integral da situación da persoa: visita domiciliaria, coordinacións e seguimentos do préstamo.

**16**

préstamos



COGAMI conmemora o Día do Voluntariado en Lugo

A Rede de Voluntariado nace en 2001 para canalizar os proxectos de voluntariado que desenvolve a Organización.

## Voluntariado

### Programas de Voluntariado de COGAMI

Acompañamentos dentro e fóra do domicilio, actividades de lecer e deportivas, de rehabilitación, apoio educativo, reforzo de habilidades sociais, accións de sensibilización no eido da discapacidade,...

- ▶ **24** novas persoas voluntarias
- ▶ **1.108** persoas inscritas na bolsa voluntariado
- ▶ Media de **200** persoas voluntarias participan en actividades
- ▶ Máis de **5.540** persoas beneficiarias (persoas con discapacidade, as suas familias e a sociedade en xeral)





## MELLORAMOS A ACCESIBILIDADE DAS CONTORNAS

A área de Accesibilidade inicia en 2003 para asesorar sobre axudas técnicas e lexislación, funcionando actualmente como unha consultaría que ten por obxectivo humanizar espazos e servizos conforme a criterios de accesibilidade universal.

63  
consultas resoltas

### Humanizamos espazos conforme a criterios de deseño universal

Xunto coa  
asociación membro  
ADAPTA, realizamos  
unha xornada de  
sensibilización  
no Concello  
de Ponteareas.


Sensibilizamos

Participamos  
en grupos de traballo  
co CERMI Galicia  
sobre rotulación,  
edificación e urbanismo,  
accesibilidade en contorna  
construída e patrimonio.

Traballamos en rede



O Presidente de COGAMI asina convenio coa Presidenta de Portos de Galicia para a mellora da accesibilidade



- |  |  |
|--|--|
| <p><b>Proxectos desenvolvidos</b></p> <p><b>1.</b><br/>Plan de mellora da accesibilidade no Concello de Ponteareas.</p> <p><b>2.</b><br/>Mellora da accesibilidade nos portos de Cangas, Moaña e Bueu para Portos de Galicia.</p> <p><b>3.</b><br/>Propostas de mellora da accesibilidade en rúas do Concello de Pontevedra.</p> <p><b>6.</b><br/>Informe do cumprimento da normativa de accesibilidade e asesoramento na implantación de melloras no albergue Bela Muxía.</p> | <p><b>4.</b><br/>Asesoramento na mellora de prazas de aparcadoiro reservado a persoas con mobilidade reducida e en obra nova no Concello de Ponteareas.</p> <p><b>7.</b><br/>Curso de formación en normativa de accesibilidade para funcionariado da Xunta de Galicia na EGAP.</p> <p><b>8.</b><br/>Asesoramento en sinalética para o Concello de Barbadás.</p> <p><b>9.</b><br/>Asesoramento en obra nova para o Concello de Santiago.</p> <p><b>10.</b><br/>Estudo en accesibilidade e usabilidade da frota do transporte urbano público no Concello de Barcelona.</p> <p><b>11.</b><br/>Asesoramento en accesibilidade das novas instalacións de tres centros especiais de emprego de COGAMI Empresarial.</p> |
|--|--|





## PROMOVEMOS O LECER E O DEPORTE

Coa finalidade de ampliar a oferta de lecer adaptado, dende a nosa área de Lecer organizamos e promovemos actividades deportivas e de tempo libre. A metodoloxía destas actividades abórdase sempre dende a participación activa, dinámica e aberta ás necesidades das nosas persoas usuarias.

Ante a pandemia vivida en 2020, primamos a saúde e a seguridade, polo que decidimos suspender programas como o proxecto GAVEA de navegación a vela adaptada. Outras actividades foron adaptadas ás actuais medidas de prevención demandadas pola situación sanitaria, co fin de evitar o illamento social provocado polo COVID-19.



Recoñecemento da Federación Galega de Vela a COGAMI polo programa de Vela Inclusiva que realiza no RCN de Sanxenxo en colaboración coa Fundación Mapfre

6  
actividades realizadas



499  
participantes



O centro de Fingoi participa na xinkana do programa ENKI Galicia



Clase online de vela adaptada do programa Lecer Náutico



### Programa lecer náutico

Na edición 2020 do programa de Lecer Náutico realizouse unha formación *online* nos centros de recursos de Fingoi, Mos, Medelo, Ferrol e Monteporreiro, para achegar o deporte de vela ás persoas con discapacidade.

O programa realizouse no cuarto trimestre do ano e contou coa colaboración do Real Club Náutico de Sanxenxo e a Fundación Mapfre.

**108**

participantes



### Programa ENKI Galicia

A edición 2020 da carreira ENKI realizouse *online*, tras derivar unhas pautas para recrear, na casa ou nos centros, os obstáculos e as probas tradicionais da carreira.

Os centros de recursos de COGAMI participaron na elaboración dun video conxunto para o concurso de Vídeo Sensibilizador e dende COGAMI participouse no concurso de Fotografía Orixinal.

**17**

participantes



### Proxecto Más que deporte - Decathlon

A Fundación Decathlon cede equipo deportivo e o apoio de persoas voluntarias para introducir na práctica deportiva ás persoas usuarias de centros e asociacións.

Practicaron: ping-pong, tenis, pilates, golf, relaxación, bolos, petanca, baloncesto e fútbol.

Esta edición, na que participaron 12 entidades, tivo que parar en marzo.

**374**

participantes

## Outras actividades

Compañía de teatro  
Blanca Marsillach

**116**

asistentes

Partido de  
baloncesto do  
Obradoiro contra o  
UCAM Murcia

**21**

asistentes





## DÁMONOS A COÑECER

### Campaña 12 Chaves da Inclusión


Coincidindo co 30 Aniversario de COGAMI, lanzamos a campaña 12 Chaves da Inclusión para reclamar, a través de medios de comunicación e redes sociais, dereitos fundamentais para as persoas con discapacidade. Para esta campaña editáronse 12 vídeos

curtos, cada un reclamando un derecho en: educación, autonomía persoal, mulleres e nenas, saúde, emprego, economía social,



accesibilidade, voluntariado, turismo e lecer, movemento asociativo, dereitos e infancia e xuventude.





## Premios COGAMI 2020



22

convenios  
assinados:  
18 privados e 4  
públicos

Entregamos os  
EV Premios  
COGAMI 2020  
para recoñecer a  
aqueles institucións,  
empresas e persoas

que traballan a  
favor da inclusión  
das persoas con  
discapacidade.  
Nesta ocasión,  
os premios foron

entregados a:  
**Premio Iniciativa  
Institucional:**  
**Rede Museística  
Provincial de Lugo**  
**Premio ao labor  
empresarial:**  
**empresa GLS VIA  
GALICIA- Routvigo  
SL, Premio  
"Domingos Dosil" á  
traxectoria persoal  
2020: **Manuel  
Barreiro Conde**,  
presidente da  
asociación AGORA.**



Convenio co Concello de Santiago para a cesión dun solar que  
acollerá a futura sede de COGAMI



Reunión co Presidente da Deputación de A Coruña

## Traballamos en rede con outras entidades sociais



Fomentamos a  
participación e  
alianzas con outras  
entidades afíns  
a nós, como son  
CERMI Galicia,  
EAPN Galicia e  
COCEMFE, das  
que formamos parte  
dos seus grupos de  
traballo.

## Relacións institucionais



COGAMI apostea  
por establecer  
relacións co tecido  
empresarial, coa  
Administración,

fundacións e outras  
organizacións sociais  
para establecer  
vínculos e alianzas  
de colaboración.





Entrega dos Premios COGAMI 2020

## Participamos en foros

**119**

redes e foros

Asistimos e participamos en redes, congresos, foros e charlas que permiten dar a coñecer o traballo tanto dentro como fóra da nosa Comunidade.

## Participación en campañas


**21**

campañas difundidas

Participamos en campañas convxuntas con outras entidades do Terceiro Sector, destacando: #XSolidaria da declaración da renda, #PobrezaGalicia, #RentaMínimaSí e #ContrAporofobia con EAPN Galicia; #TercerSectorEsenzial e #MásQueNuncaEmpreXas con CERMI; e #YoTambiénMeQuedoEnCasa, #Inclusión imparable, #DiscapacidadSINpobreza, e #QueNoNosApaquen con COCEMFE.



Fundación Santander colabora con COGAMI para a adquisición de máscaras cirúrxicas



## CREAMOS EMPREGO

COGAMI é fundadora da empresa matriz do grupo mercantil Galega de Economía Social, constituído por nove centros especiais de emprego, e xestiona outros dous a maiores: Combina Social S.L. e Activa Social ETT S.L.

### Sectores



### Medio Ambiente



### Téxtil



### Artes gráficas



### Distribución




### Alimentación



### Consultaría



### Transporte



O cadro de persoal do conxunto dos 11 centros especiais de emprego é de 670 persoas traballadoras, das que máis do 90% teñen discapacidade.

Galega de Economía Social viuse moi afectada polo impacto do COVID-19, con redución de carga de trabalho en todas as iniciativas ou peche de actividade, especialmente durante o estado de alarma, con preto de 300 persoas en ERTE ou sen actividade, por estar paralizado o servizo público que realizaban. Dende o punto de vista económico víronse afectadas as empresas de servizos non esenciais, ainda que grazas ao compromiso

e inmenso esforzo de todo o equipo, acadamos un resultado consolidado que garante a continuidade de todos os CEEIS e do emprego no curto prazo. A maior parte do tempo adicouse á xestión da crise (busca de material protector, adecuación aos cambios continuos,...) e conseguimos abordar outros proxectos, que presentámos ao Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) finanziado polo FSE.



## Accións nas empresas



Presentación en A Larecha dos medios de Coregal para a zona



A Conselleira de Política Social visita Hornos de Lamastelle a inicios de marzo

## Novo proxecto empresarial



Máscaras cirúrxicas como estas sairán da nova liña de negocio

**A**finais de ano iniciamos un novo proxecto empresarial coa creación dunha liña de negocio dedicada á fabricación de máscaras cirúrxicas con marca propia denominada Alentae, que incorporará a totalidade do cadro de persoal en 2021.

**T**raballamos na creación de plans de igualdade nas iniciativas de Combina Social, Coregal, Hornos de Lamastelle, Dixardín e Galega de Economía Social, ademais da publicación da memoria non financeira e cálculo de valor social que se integrará en 2021 ao de COGAMI Social.

## Subvencións e axudas financeiras percibidas

**X**estionáronse subvencións da Consellería de Emprego e Igualdade ao custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego, de persoal para unidades de apoio e para a xeración de emprego estable.



## Asistencia persoal

**98**

pessoas usuarias

**129**

asistentes persoais

Recurso que permite a contratación de Asistente Persoal para apoiar á persoa no desempeño de tarefas da vida diaria, possibilitando mellorar a vida independente ao poder acceder a servizos, formación, traballo, lecer,...

Esta xestión realizana dúas empresas: MEULAR Servizos Asistenciais, S.L.U. e COMBINA SOCIAL, a segunda, con asistentes persoais con discapacidade permite a disponibilidade de máis horas de prestación, e ámbalas dúas con exención do I.V.E.

## Fisioterapia e terapia ocupacional en Santiago e Vigo

Son centros sociosanitarios para a realización de actividades dirixidas á rehabilitación e mellora da independencia funcional físico-motora, para deter ou minimizar os procesos degenerativos e estimular as posibilidade de

movemento e autonomía persoal.

Participaron 119 persoas que recibiron algunha das 1.622 sesións realizadas por unha fisioterapeuta en Vigo e unha fisioterapeuta e unha terapeuta ocupacional en Santiago.



COGAMI inicia o servizo de Atención Temprá no Concello de Tomiño

**32**


auxiliares contratadas en axuda no fogar

## Axuda no fogar

Servizo que presta MEULAR Servizos Asistenciais, S.L.U. no Concello de Noia a 73 persoas usuarias que accederon a través das axudas de dependendencia ou por contratación privada.



Xuntanza de COGAMI e GES coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivienda



## Atención temprá

A mediados de setembro iniciouse o servizo de Atención Temprá na Mancomunidade Intermunicipal de O Baixo Miño, que conta con psicóloga, fisioterapeuta e logopeda. Recibiu 67 solicitudes de menores de 0 a 6 anos.



Coregal estrea instalacións de 12.260 metros cadrados no polígono de Veigadaña, no concello de Mos

## Centros de día para persoas maiores (servizos de atención diúrna)

COGAMI leva 10 anos xestionando servizos de centros de día para persoas maiores de titularidade pública do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e de titularidade municipal.

Son servizos que prestan atención ás persoas maiores con dependencia ou en risco de padecela, e ás súas familias.

**11**

centros de dia con 402 prazas: Coia e Valadares en Vigo, O Porriño, Rois, Tomiño, Mondariz, Baiona, A Pobra do Caramiñal, Vilagarcía, Rois e Porto do Son.

A ocupación media ao longo do ano foi de 84,41% influída, en grande medida, pola ameaza do COVID-19.

**506**

persoas atendidas

A través da UTE COGAMI-SIAD24-COMBINA xestionáñase 64 prazas de residencia con ocupación media ao longo do ano do 93,75% e 40 prazas de centro de día, co 80,33% de ocupación, onde traballan 41 profesionais.

Relacionados con estes servizos, realizáronse programas de Envellecemento Activo e Hábitos Saudables contratados polos concellos de Tomiño e de Porto do Son.

**142**

persoas  
traballadoras  
no coñado de  
maiores





ESTAMOS AQUÍ




65

puntos de atención  
localizados nas  
catro provincias  
galegas



Atendemos tanto no ámbito rural como no urbano





## ENTIDADES MEMBRO



**AGADHEMO**

A Asociación Galega de Hemofilia mantivo o servizo de Atención e Información permanente para persoas con hemofilia e/ou outras coagulopatías e familias, ademais dos programas ApoiHemos de apoio psicosocial e a Hemoescola.

Baixo a etiqueta #TodosEnRojo, #RetoPrendaRoja, realizou unha campaña no Día Mundial da Hemofilia e tamén en 2020, iniciou o convenio de colaboración con COGAMI para ofrecer servizo de rehabilitación e

fisioterapia a persoas con coagulopatías en Santiago e Vigo. Foron dez as persoas asociadas a AGADHEMO que participaron no estudo HeFoam da man do equipo de fisioterapia de FEDHEMO, en colaboración con InHefis.



**ACADAR**

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia realizou programas dirixidos a incrementar fortalezas e habilidades persoais das mulleres como ACTIVADAS- Claves para o Empoderamento e Enrédate 2.0 Emprego

e Saúde a través do Empoderamento; RE-CRÉATE 2.0 e Empoderar para Decidir. Contou cun Servizo de Inclusión e Transición ao Emprego para potenciar capacidades de mellora na empregabilidade. Dirixidos a alumnado

para sensibilizar e promover relaçons igualitarias e inclusivas, detectar e erradicar situacions de violencia cara ás nenas e mulleres con discapacidade son VIO 7: Ver para Erradicar e Mochilas Lila. Mantivo o servizo de Atención Sexolóxica Dedaleira.




**FEDERACIÓN COGAMI CORUÑA**

A Federación de Asociacions de Persoas con Discapacidade da Provincia de A Coruña suma unha entidade máis: Párkinson Galicia. Nun ano complexo como foi 2020 pola pandemia, a Federación COGAMI

Coruña seguiu prestando apoio ás asociacions membro, como reflicten as 151 solicitudes xestionadas, pedindo información de trámites administrativos, negociación coas administracions públicas, confección de solicitudes de

subvencións e axudas, rexistros administrativos, solicitudes de espazos... A Federación levou a cabo un intenso labor interlocutor ante as autoridades para defender os intereses das asociacions membro.



**AMARAI**

A Asociación de Pessoas con Discapacidade de Arzúa e Terra de Melide destaca en 2020 a posta en marcha dun novo servizo de prácticas prelaborais en empresas de xardinería, supermercados e centros de estudos de

cocifa. Creou un novo servizo de Atención Domiciliaria para fazer fronte á situación do COVID-19 que non permitía acudir aos centros de atención. Na mellora de infraestruturas, climatizou a rampla de comunicación do centro de día e do

centro ocupacional, así como o acristalamiento do vestíbulo coa instalación dunha porta de apertura automatizada que permite o acceso a todas as persoas usuarias, independentemente do seu grao de mobilidade.

**ÍNTEGRO**

A Asociación de Pessoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte renovou a xunta directiva por unanimidade e, por mor do COVID-19, tivo que pechar o centro de marzo a setembro, impartindo as actividades por

vídeo chamadas grupais. Seguiron os obradoiros de mantemento e rehabilitación cognitiva, rehabilitación física e de auto-coidado para que entendesen a importancia de manterse en activo. Impulsaron a formación preparando en

competencias clave a un grupo de persoas usuarias. O programa PIMD RURAL facilitou o empoderamento e reforzou o papel de 41 mulleres que realizaron actividades de lecer como o programa Máis que Deporte, andainas pola contorna, teatro e saídas ás praias.

**ADISBISMUR**

A Asociación de Pessoas con Discapacidade da Bisbarra de Muros durante o ano 2020 e, como lle pasou ao resto das entidades, tivo un parón durante os meses da primeira onda da pandemia do COVID-19. Despois deste período,

continuou coa oferta de servizos de información e asesoramiento, formación e emprego, saúde, accesibilidade universal, lecer e voluntariado. No centro de recursos de Valadares realizan estes outros programas como alfabetización de adultos, informática,

habilidades sociais, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, obradoiros de cestería, cerámica e viveirismo, teatro e musicoterapia, ximnasia e natación terapéutica, transporte adaptado, escolas de familia e traballos manuais.

**ÁMBAR**

A Asociación ÁMBAR das Pessoas con Diversidade Funcional da comarca da Barbanza promoveu a autonomía e igualdade de oportunidades nos servizos de atención diúrna, vivenda con apoio, artes, deporte e emprego inclusivo, accesibilidade e

sensibilización. Debido ao COVID-19, suspendeu a actividad presencial e creou a denominada Atención Diúrna Online, un servizo de vídeos en diferido e directo para as persoas usuarias, unidos a seguimentos telefónicos, apoio no domicilio e sesións

individuais. En xullo celebrou a Carreira pola Diversidade Virtual e comezou o programa Talento Solidario. Retomou a actividad presencial e o programa de educación inclusiva EduDiversa e celebrou a Semana da Diversidade.



**AVANTE**

A Asociación de Pessoas con Discapacidade de Val do Dubra traballou de distintos xeitos para manter os servizos principais nunhas circunstancias adversas durante o ano 2020. Usáronse ferramentas tecnolóxicas e reparto

domiciliario de tarefas e pasatempos durante os meses de peche do centro e da vivenda. As actividades de benestar física tamén tiveron un papel destacado durante o peche do centro coa difusión telemática de programas de ximnasia para facer na casa.

O trabalho individual, en grupos reducidos, foi unha constante durante o outono con especial incidencia en temas de saúde e a recuperación das algúnsas habilidades esquecidas durante o tempo de confinamento.

**MISELA**

A Asociación de Pessoas con Discapacidade das comarcas de Noia e Muros prestou servizos a través do Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temprá, atendendo a 61 menores de entre 0 a 16 anos con discapacidade

ou con risco de adquirila e familias, contando con atención individualizada de fisioterapia, terapia ocupacional e psicoloxía. Na atención a persoas con discapacidade intelectual maiores de 16 anos, prestou servizos de centro de

día e ocupacional, con 30 prazas disponíveis, realizándose actividades de fisioterapia, horticultura, decoración de rúas, psicomotricidade, elaboración de produtos, psicoloxía, adestramentos deportivos, apoio educativo, etc.

**AMICO**

A Asociación de Pessoas con Discapacidade de Compostela e Comarca realizou actuacións integradas no Servizo de Rehabilitación X co apoio da Deputación de A Coruña, facilitando o acceso a tratamentos individuais de fisioterapia e terapia

ocupacional a 33 persoas e actividades grupais de ximnasia adaptada e exercicios terapéuticos a un total de 12 persoas. Este ano, AMICO actualizou a páxina web e a imaxe corporativa, para incrementar o nivel de transparencia á


información. Ademais, apostou por reforzar os sistemas de comunicación coas persoas asociadas, adquirindo un dispositivo móvil novo con acceso a datos que favorece a cobertura de información e atención a distancia.

**ASOTRAME**

A Asociación Galega de Transplantados de Médula Ósea desenvolveu actividades de sensibilización, información e de apoio social e psicolóxico a pacientes e familias con algún tipo de cancro hematológico. Debido á pandemia,

as actividades realizadas foron non presenciais. Aínda así, realizaron charlas de sensibilización presenciais en centros educativos de Ferrol, A Coruña e Santiago no primeiro trimestre do ano e en plataformas virtuais. Continuou o proxecto de Atención

Psicosocial Online que atendeu a máis de 80 persoas, e co proxecto Como en Casa, que contou cunha vivenda de estadía temporal preto do CHUAC de A Coruña, utilizada por 11 familias en 2020. Para darse a coñecer, editou a séptima edición da revista Vivir é Incrible.



 <p><b>GRUMICO</b></p>	<p>O Grupo de Pessoas con Discapacidade de A Coruña realizou servizos de fisioterapia, terapia ocupacional, apoio psicolóxico, traballo social, transporte adaptado e tamén un servizo específico de información, asesoramento e promoción da accesibilidade, para apoiar ás persoas máis vulnerables durante a crise sanitaria. Desenvolveu obradoiros para mellorar o tránsito intestinal, de mellora da empregabilidade e de accesibilidade na edificación e no espazo urbano, ademais de continuar coa formación na escola de xoyería para persoas con discapacidade, e coa práctica de tenis de mesa e boxeo. Participou en campañas como: Contra a Pobreza, X Solidaria ou Contra a Violencia de Xénero.</p>
 <p><b>CONARTRITIS SANTIAGO</b></p>	<p>A delegación que representa ás persoas con artrite reumatoide e outras enfermidades reumáticas puxo en marcha o servizo de Información e Orientación (SIO), no que ofrece información sobre temas socio-sanitarios, contando con 112 atencións. O COVID-19 provocou medo e desconcerto entre as persoas cunha enfermidade reumática autoinmune, polo que foron moitas as consultas recibidas para coñecer o grao de vulnerabilidade ante a pandemia. Outras actividades desenvolvidas telematicamente foron charlas da escola de pacientes e obradoiros sobre nutrición, manexo da tensión para persoas con artrite e coñadoras. ConArtritis-Santiago asinou convenios con clínicas de psicoloxía e fisioterapia a favor das persoas asociadas.</p>
 <p><b>ACEM SANTIAGO</b></p>	<p>A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple levou a cabo o programa de Rehabilitación Integral presencial e online con servizos de: traballo social, psicoloxía, terapia ocupacional, fisioterapia, pilates, logopedia, golf adaptado e un obradoiro de pintura. Polo 25 Aniversario lanzaron a campaña solidaria Móvete en Taxi pola EM, galardoada co premio Concienciación e Divulgación da Fundación Merck Salud; a webinar Esclerosis Múltiple e COVID-19; a charla online Soporte Terapéutico e Cans de Asistencia; o concerto solidario online pola EM; as xornadas de sensibilización sobre EM e a charla presencial e online Enfermidade de Párkinson 2020. Como Chegamos ata Aquí?</p>
 <p><b>ALCER CORUÑA</b></p>	<p>A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril de A Coruña, seguiu traballando pola mellora da calidade de vida das persoas usuarias e familias, ademais da promoción da doazón de órganos co programa Alcer 7Vidas. Destacar que co COVID-19 realizarónse chamadas de seguimento a todas as persoas usuarias da entidade para detectar situacións de vulnerabilidade. En colaboración coa Federación Alcer Galicia realizaron actividades de atención social a menores e reivindicacións de transporte seguro ante o COVID-19 para as persoas que ían a tratamento de hemodiálise. Alcer Crouña contou co equipo técnico e de voluntariado da entidade e coa xunta directiva.</p>






### ACEM CORUÑA

A Asociación Coruñesa de Esclerose Múltiple en 2020 participou no Día Mundial da Esclerose Múltiple a través da campaña online #ConexionesEM. A través do lema Me Conecto, Nos Conectamos, as persoas asociadas participaron facendo

unha foto co corazón da enfermidade como símbolo de solidariedade das persoas que a teñen. No mes de decembro organizaron unhas xornadas online nas que participaron dúas neurólogas do CHUAC e celebraron tamén o XXVI Día Nacional de

Esclerose Múltiple coa colocación dunha mesa informativa no edificio coruñés de Novos Ministerios e chegaron a poder iluminar a Torre de Hércules para visibilizar a enfermidade.



### ASPMAMITE

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade de Teo realizou actividades de educación física e psicomotricidade, pilates adaptado, natación, fisioterapia, informática, teatro, logopedia e terapia ocupacional. Desenvolveu obradoiros de cestería, cociña,

xardinería, confección de alfombras, ensartado, elaboración de instrumentos musicais e encadernación. Outras actividades deportivas e de lecer foron as escolas deportivas e de natación, musicoterapia, danza

e expresión corporal, actividades para a igualdade entre mulleres e homes, actividades contra a violencia de xénero, e a presentación do terceiro libro NÓS. No confinamento organizaron retos, como representar cadros famosos.



### ASPANEMI

A Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía de Narón en 2020 realizou un programa de apoio familiar que englobou a escola de pais/nais, a aula de intervención e rehabilitación, ademais da rehabilitación cognitivo-conductual de menores con

programas específicos para cada un dos casos. Outros obradoiros terapéuticos desenvolvidos pola entidade foron o de psicomotricidade e o de terapia individual para nais e pais. Dentro do programa de lecer, desenvolven un

programa de pintura os primeiros sábados de mes, actividade que é de respiro para pais e nais, e continuaron co programa de esqui adaptado e co de fisioterapia.



### PARKINSON GALICIA

A Asociación Parkinson Galicia-Coruña realizou programas de tratamiento de rehabilitación integral para pacientes con tratamientos de: fisioterapia, hidroterapia, pilates, logopedia, estimulación cognitiva, escritura, psicoloxía, traballo

social e actividades de lecer e tempo libre. Asinou un convenio de prácticas coa UDC e Galicia Business School, puxo en marcha o estudo COVID & Parkinson, para coñecer o impacto real da pandemia sobre pacientes con parkinson.

Outros proxectos desenvolvidos foron a cuestación para concienciar e recadar fondos para a entidade, participou en EnREDados de incorporación de novas tecnoloxías nos tratamentos e tamén en Vasito de Leite, obradoiro de caligrafía.





### LIREGA

A Liga Reumatolóxica Galega realizou o programa de mediación e intermediación REUMAS+ de apoio a familias na primeira onda da pandemia. Outras das actividades foron cursos sobre ensaios clínicos e a organización de espazos de lecer

telemáticos como Un Café con..., para a interacción de pacientes. Celebraron a entrega dos Premios Liga con Nós 2020 en Corcubión, unha homenaxe a aquelas entidades e persoas más sobresaíntes no traballo de

persoas afectadas por enfermedade reumatolóxica, organizaron un concurso de debuxo, elaboraron o calendario 2021 e organizaron webinar sobre Saúde Ergonomía, Adaptación de Deporte na Casa e Intelixencia Emocional.



### A XANELA

A Asociación de Discapacitados Activos de As Pontes tivo que reorganizar o seu cronograma de actividades por mor da pandemia, vivindo as novas medidas ante o COVID-19 con grande incerteza, chegando a pechar. Tiveron que reorientar as

actividades a través das novas tecnoloxías como a atención e seguimento, tendo en consideración as necesidades e circunstancias de cada familia. Algunos dos servizos están relacionados con terapia ocupacional, fisioterapia,

estimulación cognitiva, psicomotricidade e mantemento físico, hidroterapia, ademais de realizar obradoiros de encaixe, pilates, calceta, risoterapia, ergoterapia, hábitos saudables, cineforum e un taller denominado Coidate, Quérete, Mímate.



### ANDADE

A Delegación en Galicia da Asociación Nacional de Amputados de España, pese ao COVID-19, continuou cos servizos de información, asesoramento e sensibilización, de apoio a persoas amputadas e familias, sendo a atención vía

telefónica e telemática. A través da Fundación María José Jove participou no descenso do río Sella adaptado en Arriondas, logrando a medalla de bronce un socio da entidade. Membros da ANDADE participaron nun proxecto de investigación sobre

a óseo integración (KEEP-WALKING) no centro de investigación IDIS no hospital Clínico de Santiago e, un ano máis, posibilitou o servizo de rehabilitación ás persoas asociadas que financia Fundación ONCE a través de COCEMFE.




### APROM

A Asociación Prominusválidos de Carño tivo que suspender actividades de lecer a causa da pandemia, como unha excursión para asistir á representación de teatro da compañía de Blanca Marsillach, ademais de non asistir a un partido de fútbol

feminino entre o Deportivo e o Atlético de Madrid. Na asemblea xeral ordinaria, APROM aprobou doar un décimo de lotería a todas as agrupacións culturais que colaboran no festival anual que organiza e, en decembro,

en asemblea xeral extraordinaria, aprobaron axudar economicamente a unha entidade veciña que está pasando por unha situación económica complexa. A pesar do COVID-19, APROM continuou coa atención de luns a mércores polas fárdes.





### FEDERACIÓN COGAMI LUGO

A Federación de Asociacións de Pessoas con Discapacidade de Lugo atendeu durante o ano 2020 un total de 208 consultas a través do servizo de Información, Orientación e Asesoramento. Realizou 5 charlas de información e

sensibilización nas que participaron 93 persoas, sendo 46 mulleres e 47 homes. Realizou actividades formativas en colaboración con COGAMI e, a través do servizo de Intervención Social, atendeu 43 persoas con discapacidade e

familias. A Federación COGAMI Lugo continuou co taller prelaboral de Monterroso no que participan 13 persoas usuarias. Na área de Autonomía Persoal atendeu 26 persoas a través do servizo especializado de Terapia Ocupacional.



### A MARIÑA COGAMI

A Asociación de Pessoas con Discapacidade A Mariña COGAMI conta cun programa de Saúde no que se ofrece fisioterapia e reflexoloxía podal, terapia Reiki e masaxes Shiatsu, ademais de terapia ocupacional, terapia

psicolóxica atención individual en domicilio e un taller grupal. Realizaron atención, resolvendo consultas relacionadas con formación, prestacións por desemprego e asesoramento sobre o certificado de discapacidade ou a incapacidade laboral.

Dende A Mariña COGAMI fixose seguimento telefónico ás persoas usuarias de todos os seus programas durante a pandemia.



### AGORA

A Asociación de Pessoas con Discapacidade da comarca de Lemos xestionou un centro de día con 23 prazas e 2 vivendas tuteladas con 7. No confinamento, fixeron as actividades por medios telemáticos para manter as terapias e evitar agravamentos

na dependencia e socialización das persoas usuarias. A atención realizouse telefónicamente e presencial, con visitas domiciliares para levar material didáctico, compras ou medicación. As actividades de lecer limitáronse á

contorna máis próxima e grupos reducidos, destacando as visitas culturais e virtuais da Rede Museística da Deputación de Lugo. Outros proxectos foron RED+Capacidade, para material para obradoiros Máis Que Deporte e Tecendo Emprego.




### ALCER Lugo

A Asociación para a Loita de Enfermidades Renais de Lugo durante este ano tivo que reducir a actividade por mor da pandemia. Ainda así, sumouse a festexar as efemérides do Día Mundial do Ril no mes de marzo e o Día do Doante no mes de

xuño. Cando se volvou pouco a pouco a retomar a actividade, trala finalización dos estados de alarma, ALCER Lugo organizou obradoiros en formato online de nutrición, ximnasia e emocións ademais dun de psicoloxía.

Outras das actividades que realizou esta entidade durante 2020 están relacionadas co asesoramento nutricional e psicolóxico das persoas usuarias.





### AUXILIA MONFORTE

A Asociación Auxilia Monforte, por mor da pandemia do COVID-19, viuse na obriga de suspender durante o estado de alarma dictado no mes de marzo, as actividades presenciais que desenvolve como obradoiros de estimulación cognitiva

e psicomotricidade e tamén as actividades culturais de lecer e tempo libre. Pero a atención ás persoas non decaeu, unha monitora e unha traballadora social da entidade durante este tempo realizaron intervencións individualizadas nas

casas, mantendo o contacto telefónico con todas as persoas usuarias da entidade.



### FEDERACIÓN DISCAFIS COGAMI

A Federación de Asociacións de Pessoas con Discapacidade da Provincia de Ourense, durante o ano 2020, continuou prestando os servizos de logopedia, educación social, traballo social e transporte adaptado atendendo ao longo do

ano a 60 persoas. O servizo de préstamo de guindastres eléctricos seguiu en activo, contabilizando a cesión destes produtos de apoio a 28 persoas. No programa de xestión económica de entidades levouse a contabilidade de catro entidades membro e

durante a celebración do Día Internacional da Discapacidade, participouse de maneira telemática a través das redes sociais.



### AIXIÑA

A Asociación de Discapacidade Física, Parálise Cerebral, Dano Cerebral Adquirido e Terceira Idade Dependente, mantivo durante os servizos, adaptándoos á nova situación sanitaria. Polo tanto, AIXIÑA continuou cos servizos

de: información e asesoramento; rehabilitación con fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e musicoterapia; transporte adaptado e tamén de lecer. Mantivo a ocupación do centro de día para maiores dependentes ALBOREXO, o centro

de día especializado en parálise cerebral e dano cerebral AIXIÑA e tamén a residencia Domingo Gómez Freire para persoas con discapacidade dependentes. O centro especial de emprego AIXIÑA medrou ata contar con 120 persoas traballadoras.




### ACCU OURENSE

A Asociación de Pessoas Enfermas de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense prestou o servizo de Atención Integral, Promoción da Autonomía Personal e Inclusión Social das persoas con enfermedade inflamatoria intestinal.

Desenvolveu actividades de intervención social, apoio persoal, atención á autonomía, integración sociolaboral, sensibilización e concienciación, tarxeta aparcadoiro, baños adaptados para ostomías, acceso a baños de edificios públicos e privados

e protocolos de atención educativa. Houbo que adaptarse e actualizarse para ofrecer información sobre normativas, medidas, recursos que dia a dia ían xurdindo na pandemia, na que se repartiu material de protección, como 1.750 máscaras e-xel.



 <p><b>AFFOU</b></p>	<p>A Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense mantivo os servizos de atención social, fisioterapia, psicolóxica a nivel individual e, dende xaneiro a marzo, a nivel grupal. Continuou co punto</p>	<p>de información no espazo asociativo do Complexo Hospitalario de Ourense e a charla Sensibilidade Química Múltiple: unha enfermidade cada vez más frecuente. Coa crise sanitaria, as accións de difusión e sensibilización fixéronse nas redes</p>	<p>sociais, prensa e páxina web como as campañas #quedanacasa tralo confinamento, X solidaria, Día Mundial da Saúde, Día Mundial da Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica e a campaña da Vacinación Antigripal, entre outras.</p>
 <p><b>AODEM</b></p>	<p>A Asociación Ourensá de Esclerose Múltiple, ELA, Parkinson e outras Enfermidades Neurodegenerativas foi homenaxeada no VI Festival Solidario organizado polo Concello de Barbadás coa colaboración do Conservatorio de Música de Ourense e a</p>	<p>favor da entidade. Trinta e sete persoas relacionadas coa entidade participaron polo Día Internacional das Mulleres no percorrido inclusivo da carreira Son Libre para Correr, organizada por Lalo Arce Amor e o equipo de Ahoracorroyo</p>	<p>Runners. Deron visibilidade ás persoas afectadas de esclerose múltiple, parkinson e enfermidades raras polos seus Días Nacionais e Internacionais e participaron en diversas campañas de sensibilización social.</p>
 <p><b>ASDIFICA</b></p>	<p>A Asociación de Pessoas con Discapacidade Física e Orgánica sen Ánimo de Lucro de O Carballiño e comarca, tras unha axuda do Concello de O Carballiño, contou cunha auxiliar administrativa que se encargou de facer un seguimento das</p>	<p>persoas asociadas durante a pandemia. Realizou o servizo de rehabilitación e fisioterapia cunha subvención da Deputación de Ourense e estimulación cognitiva cun donativo achegado por Caixabank para comprar material,</p>	<p>e sendo levado a cabo pola Educadora Social de DISCAFIS-COGAMI. Asdifica proxectou a película Entre Paradas, na que participa un socio da entidade e que contou co apoio do grupo Skadelos que actuou en directo trala proxección.</p>
 <p><b>AGAL</b></p>	<p>A Asociación Galega de Lupus desenvolveu durante 2020 o seu principal programa de acollida que marca a finalidade desta entidade, no que ofrece información e asesoramiento ás persoas con lupus e familias e, segundo as necesidades individuais</p>	<p>de cada caso, fai derivación aos servizos que permiten mellorar a súa calidade de vida. Trala aparición da pandemia en marzo, a entidade prestou de xeito telemático e telefónico os servizos, recibindo unha ampla porcentaxe de consultas sobre o COVID-19 e</p>	<p>a súa afectación ás persoas con lupus. AGAL realizou un envío de material sanitario a persoas usuarias. A celebración de Día Mundial fixoo a través das redes sociais para acadar unha maior visibilidade desta doença.</p>





#### ALCER OURENSE

A Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais de Ourense atendeu a 55 persoas no programa de Información e Asesoramento e resolveu máis de 220 consultas, xestións e seguimentos. A pandemia trastornou

as actividades de prevención e fomento da doazón de órganos, dando o salto exclusivo ao ámbito virtual, onde desenvolveron campañas como a do Día do RIL e a do Doador de Órganos. As xuntanzas pasaron a ser virtuais e prestou apoio ás persoas con

enfermidade renal e familiares, pero tamén ás unidades de diálise, sendo necesario estar pendente da situación de cada persoa asociada. Destacar que ALCER Ourense recibiu o I Premio de Humanización do CHUO.



#### DISVALIA

A Asociación de Pessoas con Discapacidade da comarca de Valdeorras durante 2020 desenvolveu programas como o de Información, o de Rehabilitación co servizo de Fisioterapia dirixido ás 28 persoas asociadas á entidade,

co fin de mellorarles a calidade de vida. Tiveron continuación as actividades de artesanía e lecer iniciadas en anos anteriores, onde conmemoraron datas como o Entroido e o Día da Discapacidade. DISVALIA puxo en marcha durante este

ano un proxecto de axudas técnicas, co fin de mellorarles a vida ás persoas usuarias.



#### ALGARIA

A Asociación de Pessoas con Discapacidade da comarca da Limia tivo condicionada a súa actividade á situación sanitaria da pandemia. Realizou actividades a través de contactos telefónicos e mediante videoconferencia, e outras xa no final

do ano de maneira presencial como a rehabilitación e fisioterapia. Os fondos captados estiveron vinculados á subvención nominativa do Concello de Xinzo de Limia, na cal se encaixou a adquisición de materiais EPI para as

pessoas socias como máscaras e xeles, e coa subvención da Deputación de Ourense a través de Benestar Social, puideron seguir coa actividade de fisioterapia en distintos centros concertados con Algaria.



#### PUZZLE

A Asociación Puzzle para a Loita contra a Exclusión Social e Laboral das Pessoas con Discapacidade de Allariz, como lle ocorreu ao resto das entidades membro de COGAMI, viuse tamén resentida no desenvolvemento da programación anual

coa chegada da pandemia. Aínda así, durante o ano 2020 desenvolveu un obradoiro de habilidades sociais e outro de actividades manuais. Outro dos obradoiros realizados foi sobre rehabilitación con animais,

concretamente, con cans adestrados.





**FEDERACIÓN  
COGAMI  
PONTEVEDRA**

